

**Acta da Comisión de Título**  
**Reunión Extraordinaria: 29/07/2020**

**Orde do día:**

1. Constitución da comisión.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2020-21.

Ás 9:00 horas do día 29 de xullo de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro (RCC)	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

**1. Constitución da comisión.**

Constitúese a comisión actuando como secretario Don Ramiro Barcia Vieitez.

**2. Informes.**

O Presidente da comisión informa do feito de que a alumna con mellor nota nas probas ABAU do curso 2019-20 decidiu matricularse no grao en Bioquímica, e fíxoo público en varios xornais de Galicia.

A continuación o decano informou que non tiña noticias sobre a intención da USC en canto ao escenario no que se iniciará a docencia para o vindeiro curso 2020-21, o día 31 é o previsto para que o reitor indique algo ao respecto.

**3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2020-21.**

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas entre outras normativas nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021.

A continuación, o presidente da comisión dá a palabra ao coordinador do grao en Bioquímica para que informe sobre os programas docentes das materias de primeiro do grao, e tras comentar e agradecer o traballo da profesora Pilar Vázquez Tato na revisión dos devanditos programas, apróbase por asentimento a citada programación, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 30/11/2020**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Modificación de horarios e calendarios do curso 2020-21, motivado pola COVID-19.
4. Rogos e preguntas

Ás 12:00 horas do día 30 de novembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro (RCC)	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	Email
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Email-correo electrónico

O Decano e Presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015.

O Presidente da comisión desculpa a asistencia da profesora Asteria María Luzardo Álvarez por coincidirille con docencia.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 29 de xullo de 2020 por asentimento.

**2. Informes.**

O Presidente da comisión informa do feito de que xa se fixo oficial o nomeamento da Comisión de Título do grao en Bioquímica.

A continuación o decano informou sobre a intención de que todos os exames do presente curso sexan presenciais.

Con respecto ás aulas para o grao de Bioquímica, xa está practicamente acabada unha delas, a falta do equipamento, e as obras nas outras tres están moi avanzadas, practicamente atópanse na fase final, mesmo se licitou o concurso para o mobiliario; aínda que neste curso non vai ser posible a súa utilización.

**3. Modificación de horarios e calendarios do curso 2020-21, motivado pola COVID-19.**

A continuación, tras sinalar o presidente da comisión, que o único cambio no horario previsto é o traslado do exame da materia "Matemáticas", que se realizará o 11 de xaneiro do ano 2021, de horario de mañá para o horario de tarde, apróbanse por asentimento os horarios para o presente curso 2020/2021.

**4. Rogos e preguntas**

Non hai ningunha intervención

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 25/1/2021

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica.
4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.
5. Rogos e preguntas

Ás 10:00 horas do día 25 de xaneiro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro (RCC)	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

O Decano e Presidente da Comisión comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 30 de novembro de 2020 por asentimento.

**2. Informes.**

O Presidente da comisión informa da celebración da “xornada de presentación e formación tecnolóxica dos equipos das aulas multimedia”, e da actividade “Xestión e uso didáctico das cámaras, altofalantes e tabletas dixitalizadoras nas aulas”, que os vindeiros 26 e 27 de xaneiro van impartirse na facultade.

A continuación o Decano informou sobre a incidencia da pandemia por COVID-19, que afecta neste momento a 2 profesores do grao, e adiantou que posiblemente tras a reunión do día 26 de xaneiro co Xerente haberá un novo paquete de medidas e normas fronte á pandemia.

En canto á docencia, en principio as clases impartiranse nas mesmas condicións que no primeiro cuatrimestre.

Tamén informou que hai cámaras instaladas nas aulas 2 e 5 da primeira planta, e nas aulas 5 e 6 da planta baixa por se fose necesario impartir clases en streaming. Aínda que, matizou tras unha pregunta da Prof. Novo, de momento non están operativas e seguirase traballando como ata agora.

**3. Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica.**

O Decano informa que o Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica rexeitou a adscrición da materia G1061454 Cribado Farmacolóxico Experimental e a Xunta de Facultade reunida o 16 de novembro de 2020 aprobou a proposta de adscrición definitiva do Grao en Bioquímica e adquiriu o compromiso da súa substitución por outra máis axeitada ao perfil da mención.

Propónse a substitución da optativa G1061454 Cribado Farmacolóxico Experimental da Mención en Bioquímica Aplicada pola materia Epidemioloxía e Saúde Pública por considerala máis axeitada ao perfil da mención; o que se considera un cambio non substancial polo que unicamente terá que ser reflectido no informe de seguimento.

Acompañase á presente acta:

- A declaración de intencións (ANEXO I)
- A ficha da nova materia, a cal conta co mesmo número de créditos e ten a mesma distribución temporal no plan de estudos (ANEXO II).
- O compromiso para a súa impartición do Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina (ANEXO III).

Sen ningunha intervención respecto diso, apróbanse por asentimento tanto a declaración de intencións como a ficha da nova materia por asentimento.

#### **4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.**

Propónse a mesma oferta de prazas que para o curso 2020-21: 45 ordinarias, 5 cota traslados nacionais e 3 cota validación parcial de estudos estranxeiros.

O Decano abre unha quenda de intervencións para coñecer a opinión da comisión respecto da oferta exposta e establécese un pequeno debate no que tras a intervención das profesoras Novo, Bouza e Ibarguren, así como do Secretario da Comisión, onde se discute sobre a necesidade de que sexa 3 o número de grupos de clases interactivas de prácticas de laboratorio, algo xa contemplado no PDA para o curso 2021-22.

Ademais, a Sra Gay comunica que durante a implantación do título, que é a fase na que nos atopamos, non se deberían facer modificacións na oferta de prazas.

Tras estas intervencións acórdase por asentimento manter a oferta de prazas proposta.

#### **5. Rogos e preguntas**

O Decano establece unha quenda de intervencións.

Toma en primeiro lugar a palabra a profesora Novo para comentar que se van a modificar as presentacións das titulacións do campus, dentro das actividades do programa A Ponte, indicando a posibilidade de realizar algún cambio en canto a contido se fose necesario. Nese sentido, sinala que a nota de corte vaise retirar da presentación, para non ter que modificala todos os anos e facilitarase doutro xeito.

A continuación toma a palabra a profesora Vázquez para preguntar se se vai a manter o criterio

do primeiro cuadrimestre en canto a presencialidade.

O Presidente da Comisión respóndelle que se non hai algunha norma que o imposibilite vanse a manter as condicións do primeiro cuadrimestre.

A profesora Vázquez responde que non se debería actuar “*a posteriori*” posto que as circunstancias non son as mesmas que no primeiro cuadrimestre.

O Decano contéstalle que se están cumprindo todas as normas e que non se poden adoptar outras á marxe do indicado polas autoridades competentes.

A profesora Vázquez di non estar de acordo, pensa que se podería xestionar a situación doutra maneira e que non se toman todas as medidas posibles.

A profesora Ibarguren intervéñ dicindo que o problema non está nin nas aulas, nin nos laboratorios, que o problema está nas cafetarías, e dáse por finalizado o debate.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez



**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 08/02/2021**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2021-22
4. Rogos e preguntas

Ás 10:00 horas do día 8 de febreiro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro (RCC)	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

O Decano e Presidente da Comisión comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 25 de xaneiro de 2021 por asentimento.

**2. Informes.**

O presidente da comisión informa que o vindeiro 17 de febreiro as clases impartiranse online e que á espera do que decida o Comité Técnico o luns 15, o día 18 retomarase a actividade presencial.

Tamén informou que se está procedendo a colocar o mobiliario (cadeiras, mesas, encerados e canóns) nas 4 aulas da 2ª planta, e que se espera que na 2ª quincena de marzo estean as aulas listas para a súa utilización.

**3. PDA curso 2021-22**

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2021-22 da titulación de Grao en Bioquímica co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Na materia G1061105 Citoloxía e Histoloxía, tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro, e segundo o indicado na adscrición inicial remitida no seu momento, solicitamos a modificación da distribución do nº de horas de docencia entre áreas, xa que a docencia será impartida integramente pola Área 025 Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas.
- No caso da materia G1061104 Diversidade Biolóxica, a adscrición inicial tiña previsto un reparto de 2/3 para a Área 819 Zooloxía (20, 10, 2 e 2) e 1/3 para a Área 063 Botánica (10, 5, 1 e 1), sen embargo tendo en conta a solicitude dos departamentos afectados, é preciso trasladar una hora de docencia interactiva de laboratorio entre as dúas áreas para permitir que o alumnado reciba, dentro da mesma carga académica, un reparto máis axustado ás horas de prácticas que realmente se precisan para cada unha das áreas responsables da materia, quedando a distribución do seguinte xeito:

	<b>Expos.</b>	<b>Inter. Lab.</b>	<b>Inter. Sem.</b>	<b>Tit.</b>
Área 819 Zooloxía	20	9	2	2
Área 063 Botánica	10	6	1	1

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2021-22 da titulación de Grao en Bioquímica**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

#### 4. Rogos e preguntas

O decano establece unha quenda de intervencións.

Toma a palabra a profesora Vázquez Tato para solicitar que para o curso 2021-2022 as titorías de grupo deberían atrasarse no calendario, e que non coincidan na mesma franxa horaria titorías de dúas materias diferentes.

Tanto o decano como o secretario da comisión indícanlle que esas cuestións deben tratarse cando se comecen a elaborar os horarios para o curso 2012-2022, e que en todo caso esa proximidade das titorías co inicio do curso foi provocada pola suspensión das clases na primeira semana como consecuencia da pandemia.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 09/04/2021**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de publicación das actas da Comisión
4. Proposta de horarios para o curso 2021-22
5. Rogos e preguntas

Ás 12:00 horas do día 9 de abril de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro (RCC)	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

O Decano e Presidente da Comisión desculpa a asistencia da profesora Asteria María Luzardo Álvarez, e a continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 8 de febreiro de 2021 por asentimento.

## 2. Informes.

O presidente da comisión informa que vaise a incrementar o número de Aulas de Informática, o que facilitará a dispoñibilidade para as tarefas docentes. Esta aula (Aula de Informática Nº 4) terá capacidade para 19 estudantes.

Tamén informou que séguese esperando a firma do Secretario Xeral de Universidades para a dotación de recursos coa finalidade de habilitar dous novos laboratorios de prácticas.

Engadiu que se vai a licitar un enfriador para a climatización do edificio de laboratorios.

Recalcou a continuación que a intención é comezar o curso 2021-22 en modo presencial.

O presidente da comisión cedeu a palabra ao coordinador para que achegase o informe elaborado pola coordinadora de primeiro curso (**Anexo I**), no que se consigna a reunión entre docentes do 2º semestre para abordar problemas de coordinación entre os temarios das diferentes materias.

## 3. Proposta de publicación das actas da Comisión

O Decano indica que seguindo as recomendacións da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, co obxecto de lograr unha maior transparencia no que á información pública se refire, sería conveniente que se procedera á publicación das actas das reunións das Comisións do Título.

Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto os asistentes acordaron por unanimidade a publicación na páxina Web do Centro das actas das reunións da Comisións que se celebren desde os seus inicios, unha vez sexan aprobadas.

## 4. Proposta de horarios para o curso 2021-22

O presidente da comisión pregunta se hai algunha solicitude de cambio nos horarios presentados para o curso 2021-22.

A profesora Novo toma a palabra indicando que recibiu unha carta dos alumnos do grao con algunhas propostas, ao que o coordinador responde que el tamén a recibiu (**Anexo II**), e que nos próximos días tratará de explicar aos alumnos as razóns polas que se oferta o horario proposto.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, e a explicación dos cambios realizados, **apróbase por asentimento a proposta de horarios 2021-22 da titulación de**

**Grao en Bioquímica**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de horarios definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

#### 5. Rogos e preguntas

Non hai ningunha intervención

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 07/06/2021**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2021-22
5. Rogos e preguntas

Ás 11:30 horas do día 7 de xuño de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

O Decano e Presidente da Comisión desculpa a asistencia das profesoras Aida Jover Ramos e Asteria María Luzardo Álvarez, e a continuación comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 9 de abril de 2021 por asentimento.

## **2. Informes.**

O Presidente da comisión informa que se acordou un protocolo para a realización dos Actos de Gradación deste curso, aínda que non afecta de momento ao grao en Bioquímica.

O Decano pídlle ao Coordinador que se poña en contacto con algún dos asesores da Comisión de Redacción do Grao en Bioquímica para saber se é posible incorporalo á Comisión do Título do Grao en Bioquímica.

O Decano informa tamén acerca dos traballos que están a realizar a Vicedecana da facultade de Ciencias, a profesora Asteria Luzardo, e o Coordinador do grao para distribuír o diñeiro dispoñible para equipamento entre as diferentes áreas implicadas.

Noutra orde de cousas, o Decano quere agradecer publicamente aos profesores María de la Merced Novo Rodríguez e Wajih Al-Soufi pola cesión dunha centrífuga refrixerada para a realización das prácticas de laboratorio na Facultade de Ciencias.

O Presidente da comisión tamén sinala que unha das titulacións que espertou máis interese nas actividades de promoción da USC levadas a cabo polo programa “A Ponte” foi o grao en Bioquímica.

Finalmente, o Decano comentou que ao longo do mes de xullo traballárase cos coordinadores do máster en Xenómica e Xenética para incorporar un módulo máis próximo ao grao en Bioquímica e poder ofertalo para os alumnos que se gradúen en Bioquímica.

## **3. Revisión do informe de abandono potencial.**

O Decano informa da necesidade de incorporar no Informe de Seguimento para todas as titulacións, un documento no que se establezan as actuacións da facultade para coñecer as causas dos malos resultados obtidos polos alumnos e alumnas en risco de abandono potencial. Con ese fin, solicítase aos coordinadores dos graos que se imparten na facultade de Ciencias, que consensúen un modelo de enquisa para alumnos e alumnas en risco de potencial abandono, que poida ser presentado ante a Comisión de Título antes de que finalice o curso presente.

A comisión acepta esta proposta por asentimento.



**4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2021-22**

O Presidente da Comisión dá a palabra ao Coordinador do Grao, que tras agradecer o traballo realizado polas Profesoras Vázquez Tato e Camiña García, comenta que non se atoparon erros nas programacións docentes presentadas; tras o que a Comisión aproba por asentimento a programación docente do grao en Bioquímica para o curso 2021-22.

**5. Rogos e preguntas**

O Presidente da Comisión dá a palabra á Profesora Novo Rodríguez para informar que o día 25 de xuño celebrárase unha xornada de portas abertas na USC para o alumnado de secundaria que pasou as probas ABAU, coa finalidade de captar a aqueles que non teñan aínda moi clara a titulación que van elixir; pois se estima que ao redor dun 25% do alumnado toma a decisión da titulación a cursar despois das probas ABAU.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 17/09/2021**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Recoñecemento de materias.
4. Dispensa de asistencia a clase.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 horas do día 17 de setembro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	VC
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4º curso) e de 4º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Alumna	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 7 de xuño de 2021 por asentimento.

## 2. Informes.

O Presidente da comisión informa que se completou a matrícula no primeiro curso do grao con 51 alumnos, e cunha nota de corte de 11,8; practicamente un punto por encima da nota de corte do curso pasado..

O Decano informa tamén sobre a montaxe dos novos laboratorios e da chegada do equipamento solicitado, o que permitirá ampliar significativamente os espazos dedicados á docencia práctica.

O Presidente da comisión tamén sinala que está operativa unha nova aula de informática, o que facilitará sen dúbida a docencia neste curso.

Finalmente, o Decano comentou que se realizou unha primeira reunión cos coordinadores do máster en Xenómica e Xenética para incorporar un módulo máis próximo ao grao en Bioquímica e tamén algunha materia básica, e poder ofertalo para os alumnos que se gradúen en Bioquímica. Na citada reunión participaron ademais dos coordinadores do máster, o Decano, e a Vicedecana da facultade de Ciencias, xunto co coordinador do grao e o Director do Departamento de Bioquímica.

## 3. Recoñecemento de materias.

O Decano informa da solicitude de recoñecemento de varias materias por un alumno que cursou con anterioridade a Licenciatura de Ciencias Químicas e tamén cursou Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (aínda que só superou unha materia).

Concédeselle recoñecemento das seguintes materias do grao en Bioquímica: Física, Química Xeral e Inorgánica, Matemáticas, Química Analítica, Química Física I, Química Orgánica I; Química Orgánica II; Microbioloxía; Bioquímica Estructural, Enzimoloxía e Bioquímica Metabólica.

Non se concede o recoñecemento das materias: Xenética, Química Física II; Fisioloxía Animal I e Fisioloxía Animal II.

O Presidente da comisión solicita que se delegue no Decano, para futuras peticións, a decisión de recoñecemento das diferentes materias á vista dos preceptivos informes emitidos polas diferentes áreas de coñecemento.

#### **4. Dispensa de asistencia a clase.**

O Presidente da Comisión informa sobre unha solicitude de dispensa de asistencia a clase por parte dun alumno do grao en Bioquímica, aducindo a imposibilidade de realizar de forma presencial as tarefas das materias debido á súa actividade profesional.

O Decano comenta á comisión a problemática da concesión de dispensa de asistencia a clase no caso das titulacións da rama de ciencias, e tras varias intervencións dos membros da comisión insistindo na necesidade de manter a presencialidad, acórdase por unanimidade emitir un informe negativo á solicitude de dispensa de asistencia

#### **5. Rogos e preguntas**

Neste punto non houbo intervencións.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 1/10/2021**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en bioquímica para titulados en ciclos Superiores de FP.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 horas do día 1 de outubro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro (RCC)	VC
Ramiro Barcia Vieitez	Coordinador de Título e Secretario	VC
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Alumna	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams

O Decano e Presidente da Comisión desculpa a asistencia das profesoras María de Izaskun Ibarguren Ariceta e María Carmen Bouza Fernández; e do profesor Miguel Blanco Álvarez, e a continuación comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 17 de setembro de 2021 por asentimento.

## 2. Informes.

O Presidente da comisión informa que se reuniu co Xerente da Universidade e coa Vicerreitora de Coordinación do campus de Lugo, que lle comunicaron, en relación coas medidas de prevención fronte ao Covid, que se a situación sanitaria segue como ata agora, é moi probable que neste mes de outubro ou en novembro, desaparezan as medidas de límites de distancias nas aulas.

O Decano informa tamén sobre a mención de Campus de Excelencia Internacional, alcanzada polo Campus Terra; cunha dotación de 4 millóns de euros en 4 anualidades, o que servirá para a mellora de todas as titulacións impartidas neste campus.

Finalmente, o Decano comentou que tras a reunión mantida cos coordinadores do máster en Xenómica e Xenética para incorporar un módulo máis próximo ao grao en Bioquímica e tamén algunha materia básica, e poder ofertalo para os alumnos que se gradúen en Bioquímica; o coordinador do máster, o profesor Manuel Vera, comunicou que non aceptan as modificacións solicitadas. Por este motivo, o profesor Ramiro Barcia contactou coa coordinadora do máster en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética, a profesora M<sup>a</sup> Esperanza Cerdán Villanueva, impartido na Universidade de A Coruña, para tentar vincular este máster ao grao en Bioquímica; con tal fin acordouse que o Decano, a Vicedecana e o Coordinador do grao en Bioquímica, manteñan nas próximas semanas unha reunión coa coordinadora do máster.

## 3. Proposta de recoñecemento de créditos do Grao en bioquímica para titulados en ciclos Superiores de FP.

Tras a recepción dunha solicitude de recoñecemento de alumnado procedente do ciclo superior de formación profesional “*Laboratorio Clínico e Biomédico*”, o Decano informa da obriga de recoñecemento dun mínimo de 30 créditos ECTS no grao en Bioquímica para alumnos titulados en ciclos Superiores de FP da rama de Ciencias (Resolución Reitoral do 24 novembro de 2011, do 11 de xaneiro de 2013, do 2 de maio de 2013,...) e tamén de valorar o recoñecemento para os ciclos de formación profesional equivalentes.

Por este motivo proponse o recoñecemento deses 30 créditos repartidos da seguinte forma:

**Grao en Bioquímica**

Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Laboratorio clínico e biomédico	Obrigatoria	Análise instrumental Bioquímica e sociedade Prácticas externas	6 6 6
	Optativa	Créditos de materias optativas	12
Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Laboratorio de diagnóstico clínico	Obrigatoria	Análise instrumental Bioquímica e sociedade Prácticas externas	6 6 6
	Optativa	Créditos de materias optativas	12

A proposta é aceptada por asentimento e o Decano informa que se vai a solicitar a incorporación ao “*Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios*” os recoñecementos acordados.

**4. Rogos e preguntas**

Neste punto non houbo intervencións.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 3/2/2022

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.
4. PDA curso 2022-23.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 horas do día 3 de febreiro de 2022 reúnense no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do Estudantado.	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

O decano e presidente da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María Pilar Vázquez Tato, María Carmen Bouza Fernández e Eva Alonso López que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de



Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. A continuación o decano pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase o acta do 1 de outubro de 2021 por asentimento.

**2. Informes.**

O Presidente da comisión informa que o segundo semestre iniciarase coas mesmas medidas de prevención fronte ao COVID-19 que as seguidas no final do primeiro semestre; durante o desenvolvemento das actividades docentes deberanse manter abertas as portas e as fiestras das aulas e pedirase aos estudantes que, sempre que sexa posible, manteñan unha separación entre eles.

O decano indica que aos alumnos confinados, segundo o Protocolo para a xestión de casos COVID-19, é preciso facilitarlles a docencia non presencial, e polo tanto o acceso ás clases mediante a utilización da plataforma Teams. Debido á saturación da oficina COVID-19, as notificacións de alumnos afectados están recibíndose con atraso, polo que o decano solicita que se conceda acceso á plataforma Teams aos estudantes que informen ao profesorado, aínda que non se recibiu a notificación oficial.

**3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.**

Proponse a mesma oferta de prazas que para o curso 2021-22: 45 ordinarias, 5 cota traslados nacionais e 3 cota validación parcial de estudos estranxeiros.

Acórdase por asentimento manter a oferta de prazas proposta.

**4. PDA curso 2022-23**

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2022-23 da titulación

de Grao en Bioquímica co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación o decano pasa a presentar as propostas presentadas para a modificación do PDA.

- Na materia G1061326 Bioloxía do Desenvolvemento, tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro, e segundo o indicado na adscrición inicial remitida no seu momento, solicitamos a modificación da distribución do nº de horas de docencia entre áreas, xa que a docencia será impartida integramente pola Área 025 Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas.

A proposta apróbase por asentimento.

- O Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física, propón modificacións do PDA das materias G1061201 Xenética e G1061322 Xenética Molecular e Enxeñaría Xenética.

O decano indica que estando o grao en Bioquímica en proceso de implantación, non parece adecuado facer cambios de tanto calado como é a modificación do número de horas dedicadas ás prácticas de laboratorio e ademais o número de grupos de prácticas, seminarios e titorías vén condicionado polo número de estudantes matriculados nas materias, polo que non parece oportuno modificalos. O decano propón que non se acepten os cambios suxeridos polo departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física.

A profesora Bouza Fernández comenta que en realidade a proposta estaba baseada na ficha inicial que se elaborou durante a redacción do plan de estudos do grao, pero que basicamente coincide co decano.

A continuación sométese a votación a proposta do Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física, sendo rexeitada pola totalidade dos membros da comisión.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, apróbase por asentimento a proposta de PDA 2022-23 da titulación de Grao en Bioquímica, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

## 5. Rogos e preguntas

O decano establece unha quenda de intervencións.

Toma a palabra a profesora Vázquez Tato para comentar que na aula 5 da segunda planta é necesario asegurar a ventilación mantendo portas e fiestras abertas para que circule o aire e non suba o nivel de CO<sub>2</sub>; e que non é fácil posto que como dá o sol hai que baixar os estores e iso dificulta a aireación da aula, polo que suscita a posibilidade de cambiar de aula.

O decano respóndelle indicándolle que nas outras aulas non hai cámaras dispoñibles para a impartición das clases pola plataforma Teams para os alumnos confinados, polo que non é posible realizar ese cambio.

A continuación intervén a alumna Esteban Galvis para comentar que nalgunha materia fixéronse cambios na distribución das clases interactivas a petición do docente.

O decano respóndelle que debe manterse a planificación proposta na ficha correspondente a cada materia.

As profesoras Novo Rodríguez e Iburguren Ariceta solicitan que os horarios para o próximo curso 2022-2023 sexan máis flexibles e que se intente aproveitar todo o semestre para a docencia, co fin de alixeirar as horas presenciais diarias recibidas polos alumnos.

O decano e o coordinador do título indican que os horarios adaptaranse na medida do posible ás peticións tanto do profesorado como dos estudantes.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 17/3/2022

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do Grao en Bioquímica 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 horas do día 17 de marzo de 2022 reúnenos no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Asteria María Luzardo Álvarez	Coordinadora de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

O decano e presidente da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María Pilar Vázquez Tato e María Carmen Bouza Fernández que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén asiste como invitada a alumna Valeria Fernanda Esteban Galvis, recentemente elixida como membro da Xunta de Centro e que será proposta para o seu nomeamento como representante do alumnado do Grao en

Bioquímica nesta comisión. Informa que desculpan asistencia a esta reunión os seguintes membros da comisión: María de Izaskun Ibaruren Ariceta e Eva Alonso López.

A continuación o decano pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/02/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

O decano, en primeiro lugar, despediuse como presidente da comisión debido á súa próxima incorporación ao novo equipo reitoral da USC como vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo e pediu aos membros que mantiveran a súa colaboración co equipo decanal que quedará en funcións ata a celebración de eleccións.

A continuación informou de que de cara ao vindeiro curso a USC ten previsto elaborar normativa que permita atender ás necesidades de conciliación do persoal docente e investigador na elaboración dos horarios e POD. Non foi posible facelo para este curso, polo que nos vindeiros días remitirase aos centros e departamentos unhas indicacións que se deberán observar no proceso de programación do vindeiro curso.

Deseguido o decano pasou a dar lectura do informe de coordinación académica, de data 15/02/2022, achegado polo coordinador do grado en Bioquímica sobre a necesidade de modificar o volume de traballo autónomo para evitar un exceso prexudicial para o conxunto das materias do segundo semestre do primeiro curso. Os asistentes acordan por asentimento incorporar o informe de coordinación como Anexo 1 á presente acta.

### 3. Seguimento do Grao en Bioquímica 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O decano cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do Grao en Bioquímica para o curso 2020-21 que se acompaña como Anexo 2 a este acta**, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

### 4. Rogos e preguntas

O decano establece unha quenda de intervencións.

Toma a palabra a alumna Esteban Galvis para comentar que nas prácticas de laboratorio dalgunhas materias atopáronse algunhas deficiencias debido á escaseza dalgúns produtos, o que provocou períodos prolongados de espera para o alumnado. A alumna tamén preguntou sobre a oferta de prácticas extracurriculares, e a dispoñibilidade da cafetería da facultade.

O decano respóndelle que os problemas nos laboratorios débense ás dificultades no subministro provocadas pola situación xerada pola pandemia, e as dificultades de loxística. Con respecto ás prácticas extracurriculares indícalle que a facultade estableceu convenios con diferentes empresas e organismos para as prácticas curriculares e que é o Consello Social o que se ocupa da organización e xestión das prácticas extracurriculares, o cal dispón de ampla información na súa páxina web e ao que deberán dirixirse para ampliar a información dispoñible. Finalmente o decano comunica que a cafetería xa está dispoñible.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA**

---

A profesora Novo Rodríguez solicita que nos horarios para o próximo curso 2022-2023 non haxa máis de 3 horas expositivas cada día para poder cumprir o que figura en cada guía docente.

O decano indica que os horarios adaptaranse na medida do posible ás peticións tanto do profesorado como dos estudantes.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 1/4/2022**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2022-23.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 horas do día 1 de abril de 2022 reúnen no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Presidenta e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María Carmen Bouza Fernández e Eva Alonso López que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.



**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 17/03/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A presidenta, informou de que o Comité de Xestión COVID-19 adaptou recentemente o Protocolo de xestión de casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela de conformidade co establecido polo protocolo de “Vixilancia e control do SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia” da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Indica que como principal novidade e con carácter xeral, elimínase a necesidade de illamento e coretena para as persoas que sexan casos sospeitosos ou confirmados de COVID-19, polo que só se deberá comunicar á Oficina de Xestión COVID aquelas situacións nas que a intensidade dos síntomas non permitan realizar a actividade diaria, de conformidade co previsto no Protocolo de Xestión de Casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, o persoal que pertenza a un colectivo vulnerable poderá solicitar o traballo a distancia durante o período de 10 días establecido nas recomendacións para casos confirmados e casos sospeitosos de COVID-19.

Tamén informou de que ao longo do día se remitirá un correo a todo o profesorado para que remitan as súas propostas para a convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica.

Xa para rematar, indicou que están convocadas as eleccións a decano/a da Facultade, o cal se fixo o antes posible para tratar de dotar ao centro dun equipo de traballo completo e estable. A votación terá lugar na Xunta de Centro que se celebrará o vindeiro 28 de abril.

**3. Proposta de horarios para o curso 2022-23.**

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2022-23 do Grao en Bioquímica** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

#### 4. Rogos e preguntas

Neste punto houbo intervencións para aclarar cuestións relativas tanto á xestión dos casos COVID como ás solicitudes de equipamento e infraestruturas docentes susceptibles de incluír nas propostas. A presidenta aclarou que se pode incluír software necesario para a docencia e que é preciso incorporar presuposto estimativo.

Non habendo mais asuntos que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 6/6/2022

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2022-23.
4. Revisión do informe de abandono potencial.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:45 horas do día 6 de xuño de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes

medios. Informa que desculpa asistencia a esta reunión a representante do estudantado Valeria Fernanda Esteban Galvis.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 01/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A presidenta, informou que a USC atópase en proceso de renovación de diversas normativas para adaptalas ao RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade. Como novidade estase traballando no desenvolvemento dunha normativa que regule a semipresencialidade nas titulacións.

En relación ás prácticas de campo, a USC vai mellorar a dotación económica destinada ás mesmas.

A Xerencia informou de que ten previsto a creación dun centro de formación que englobe as actividades organizadas a través do Centro de Linguas Modernas, Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe, Programa de Formación e Innovación Docente, ... co obxecto de formar ao colectivo de PDI, PAS e persoal investigador con formación específica axeitada a cada un dos sectores.

Tamén informou de que se mantivo unha reunión coa área TIC xa que se vai dispoñer de financiamento procedente do Ministerio de Universidades para a renovación de equipos obsoletos vinculados a docencia, considerando como tales os que teñen unha antigüidade de 10 anos ou máis, xa que orixinan riscos na seguridade da información. A revisión dos equipos afectados e a substitución levaraa a cabo de xeito centralizado a USC e xestionarase a través da área TIC, polo que non vai depender do centro. Afectará aos equipos dos docentes e tamén aos dalgunhas aulas de informática.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, que pasou a comentar os aspectos máis

relevantes tratados nas 6 reunións de coordinación realizadas co obxecto de evitar posibles coincidencias en contidos e prácticas entre as diferentes materias de cada semestre e que se acompañan como Anexo 1 á presente acta.

**3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2022-23.**

A decana informou de que, como cada curso académico, os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador que tras agradecer o traballo realizado polas profesoras Vázquez Tato e Camiña García e o profesor Blanco Álvarez, comenta que non se atoparon erros nas programacións docentes presentadas.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes do Grao en Bioquímica para o curso 2022-23.**

**4. Revisión do informe de abandono potencial.**

A decana indicou de que se recibiu o informe de abandono potencial, no que se informa do alumnado que iniciou estudos na USC no curso 2021-22 e non superou ou non se presentou a ningunha materia do 1º semestre. O obxecto deste informe é que as comisións de título o analicen e valoren a posibilidade de deseñar algunha acción ou actividade de tutoría/orientación dirixida a este alumnado.

A continuación, cedeu a palabra ao coordinador do título que sinalou que ese informe recíbese moi tarde co que apenas se dispón de marxe de manobra para levar a cabo algunha actuación. Informou tamén de que a taxa de abandono estimada na memoria no primeiro ano do título é do 16% e que no primeiro ano de implantación foi do 11%; o que pode ser reflexo do interese do estudantado matriculado polo grao en Bioquímica .

A continuación, os asistentes acordaron por asentimento ofertar ao principio de curso ao alumnado que o demande un programa personalizado de tutorización/orientación que os guíe dende o punto de vista académico e permita reducir os casos de abandono existentes.

## 5. Rogos e preguntas

Neste punto interveu a profesora Novo Rodríguez para preguntar cando se pode solicitar un novo grupo de laboratorio, dado que considera que co número de matriculados que pode haber en 2º no curso 22-23, 2 grupos de prácticas non serían suficientes.

A decana respondeulle que habería que estudar a acomodación nos laboratorios para un novo grupo de prácticas e que o departamento debería solicitar a creación dun grupo de centro.

Non habendo mais asuntos que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 30/6/2022

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de creación de grupo de centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 horas do día 30 de xuño de 2022 reúnense na Aula 5 da segunda planta os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	VC
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María Pilar Vázquez Tato, María de Izaskun Iburguren Ariceta, Valeria Fernanda Esteban Galvis e Eva Alonso López que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 06/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana informou das reunións mantidas pola Xunta de Galicia a través da Secretaria Xeral de Universidades e as universidades do Sistema Universitario Galego para reordenar o mapa de titulacións, eliminar duplicidades de titulacións non singulares e implantar outras novas vinculadas a perfís de futuro; o que permitiría implantar 9 novos títulos de grao aos que finalmente se engadiron outros 2: biomedicina, bioeconomía, ciencias gastronómicas, conservación e restauración do patrimonio cultural, marketing incluíndo loxística empresarial, enoloxía, economía financeira e actuarial, enxeñaría de software, musicoloxía, antropoloxía e ciencia de materiais. Nos vindeiros meses espera ter máis información ao respecto sobre todo este asunto.

**3. Solicitud de creación de grupo de centro.**

A decana informou de que debido á previsión dun elevado número de estudantes matriculados para o vindeiro curso 2022-23, os profesores encargados da docencia da materia Química Física II propuxeron a creación dun novo grupo de centro de prácticas, non contemplado no PDA. Por este motivo, o Departamento de Química Física solicitou a creación dun grupo de centro, indicando que cumprirá co encargo segundo a normativa.

Os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a creación do grupo de centro para a materia Química Física II do Grao en Bioquímica para o curso 2022-23.**

**4. Rogos e preguntas**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.



Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 22/11/2022**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 horas do día 22 de novembro de 2022 reúnen no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María Pilar Vázquez Tato e Eva Alonso López que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpan asistencia a esta reunión os seguintes membros da comisión: María de Izaskun Ibarguren Ariceta e María Carmen Bouza Fernández.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

Non se presenta ningún informe.

**3. Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica.**

A decana informa que a normativa básica reguladora das titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior de grao e mestrado universitario é o Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

Ao longo destes últimos meses houbo diferentes reunións coa vicerreitora de Titulacións e Internacionalización para elaborar un regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela, que foi aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022.

Neste Consello de Goberno tamén se aprobou a convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de graos, mestrados universitarios e programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2024-2025.

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización levou a cabo unha planificación de modificacións das titulacións de grao e mestrado da USC para a súa adaptación ao Real Decreto 822/2021 e ao Regulamento de Titulacións USC segundo a cal á Facultade de Ciencias lle corresponde modificar o título do grao en Bioquímica, o que implica unha modificación substancial do título sendo as principais modificacións a realizar as seguintes:

1. Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén da formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan.
2. Modificación das mencións ao non cumprir o número mínimo de créditos.
3. Adaptación da memoria do grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021.

A continuación a decana informou do calendario establecido na Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de graos, mestrados universitarios e programas de

doutoramento para a súa implantación no curso 2024-2025, segundo o cal na tramitación da proposta de novas titulacións e as súas modificacións, a proposta inicial de declaracións de intencións debe presentarse antes das 14:00 horas do 25 de novembro de 2022. Con posterioridade poñerase á disposición de centros e departamentos que poderán formular alegacións e tendo en conta ás mesmas aprobarase unha declaración de intencións definitiva que se deberá presentar ata as 14:00 horas do 22 de decembro de 2022.

A decana a continuación presenta a proposta da declaración de intencións para a modificación do grao en Bioquímica. As modificacións para realizar serían:

**1.** Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén da formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan.

Segundo o artigo 8 do Regulamento, todos os títulos de grao deberán adscribirse, a través dunha declaración explícita na memoria de verificación, a un dos ámbitos de coñecemento recollidos no anexo I do Real Decreto 822/21, no lugar de facelo a ramas de coñecemento.

Analizando o citado anexo I no caso do GBQ o ámbito de adscrición axeitado para o mesmo sería o denominado “Bioquímica y biotecnología”.

Tendo en conta o artigo 22 do Regulamento, os plans de estudos de grao de 240 créditos terán un mínimo de 60 créditos de formación básica organizados en materias dun mínimo de 6 créditos e ofertados na primeira metade da titulación. Como mínimo a metade destes créditos estarán vinculados ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título.

O número de créditos e a súa distribución en materias no grao en Bioquímica actual son axeitados, tan só sería preciso vincular cada materia de formación básica aos distintos ámbitos de coñecemento que correspondan.

A outra posibilidade sería revisar as materias básicas e obrigatorias e modificar a distribución entre as mesmas, xa que coa perspectiva da adscrición das materias aos ámbitos de coñecemento e non a ramas de coñecemento isto podería mudar.

**2.** Modificación das mencións ao non cumprir o número mínimo de créditos, que agora se establece como mínimo no 20% da carga de créditos total do grao (20% de 240=48).

O artigo 20 do Regulamento establece que as mencións deben ter como mínimo o 20% da carga de créditos totais do grao, que no caso do GBQ ao constar de 240 créditos ECTS ascendería a 48 créditos ECTS.

Actualmente na memoria verificada do GBQ contéplanse 2 mencións: Mención en Bioquímica Agroalimentaria e Mención en Bioquímica Aplicada, que ofertan 42 créditos cada unha e para obter calquera destas mencións o estudantado deberá cursar 12 ECTS das materias optativas

correspondentes a cada mención. Tamén poderá o estudantado completar o plan de estudos sen obter ningunha das mencións, cursando os créditos optativos de entre as materias ofertadas.

Polo tanto é preciso analizar estas mencións para determinar se existe a posibilidade de pasar de 12 créditos optativos a cursar, a un mínimo de 48, o que suporía trasladar 36 créditos de formación obrigatoria a optativa.

A outra opción sería eliminar as mencións existentes e que o alumnado curse os 12 créditos optativos necesarios para completar o plan de estudos de entre as materias ofertadas, sendo preciso racionalizar a oferta de optatividade, xa que o artigo 23 do Regulamento indica que os plans de estudos terán un máximo dun 15% ( $240 \cdot 15\% = 36$ ) de créditos optativos do total de créditos do título (en casos excepcionais xustificados poderá superarse ese límite) e que a oferta de créditos en materias optativas estará entre o dobre e o triplo dos créditos optativos que deba cursar o/a estudante, sempre que non se superen os 72 créditos.

Segundo isto, mantendo a distribución actual de créditos da memoria, pola cal é preciso cursar 12 créditos optativos, a oferta destes créditos podería estar entre 24 ( $12 \cdot 2$ ) e 36 ( $12 \cdot 3$ ). Na actualidade a oferta de optativas do grao ascende a 78 créditos (13 materias) polo que sería preciso reducila polo menos en 42 créditos (7 materias).

### 3. Adaptación da memoria do grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021.

Tendo en conta o artigo 65 do citado Regulamento, ao precisar modificar as mencións, implica unha modificación substancial do título. Segundo a disposición transitoria quinta, apartado 2 do RD 822/2021 cando a universidade propón unha modificación substancial do título é preciso adaptar a memoria ao modelo establecido no anexo II do citado RD.

A continuación, a proposta de declaración de intencións presentada é sometida a votación, e é aprobada por unanimidade.

Por último a decana informa que esta proposta será levada para a súa aprobación pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade.

### 4. Rogos e preguntas

Neste punto interveu Valeria Fernanda Esteban Galvis como representante do estudantado para expor unha serie de preguntas e tamén algunhas queixas sobre o desenvolvemento dalgunhas materias na titulación.

En primeiro lugar preguntou sobre a posibilidade de que houberse representantes suplentes de estudantes na comisión do título, ao que se contestou que se podería convidar á reunión a un

estudiante con voz pero sen voto; e ademais na normativa derivada do Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado Universitario e do Procedemento de Aseguramento da súa Calidade na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022, contéplase que nas comisións de título debe haber dous representantes de estudantes.

A continuación a representante de estudantes comentou que na convocatoria de prácticas externas non se ofertan prazas do grao en Bioquímica, ao que a Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos respondeu que no caso de que se estivera referindo ás convocatorias de prácticas extracurriculares do Consello Social da USC, en calquera momento do ano pódese propiciar un convenio para a realización de prácticas no caso de que non as oferte nas convocatorias ordinarias o Consello Social, e indicou que é preciso que, para coñecer con máis detalle os trámites a realizar, se dirixan ao Consello Social como órgano encargado da xestión deste tipo de prácticas.

As últimas cuestións expostas por Valeria Fernanda Esteban Galvis están relacionadas coa petición dunha mellor coordinación entre materias do terceiro curso do grao; e tamén unha queixa sobre o desenvolvemento da materia “Nutrición” debido a unha falta de organización das prácticas e un contido teórico non adaptado ao grao en Bioquímica.

Ao que o coordinador responde co compromiso de poñerse en contacto cos profesores implicados nas materias aludidas para analizar con detalle este asunto.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 2/2/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-24.
4. PDA curso 2023-24.
5. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 horas do día 2 de febreiro de 2023 reúnense no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpan asistencia a esta reunión María Pilar Vázquez Tato e Miguel Blanco Álvarez.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 22/11/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana informa que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022; débese proceder á modificación da memoria do título sen esquecer que o límite para a súa entrega é o 14 de abril. Nesa data deberase presentar o proxecto de memoria, a memoria xustificativa, a memoria económica, o informe sobre a adscrición a áreas de coñecemento das materias do título, o acordo da xunta de centro e o acordo motivado dos departamentos implicados na docencia.

Para completar este traballo, a decana propón ter varias reunións da Comisión do título. Na primeira reunión, que se podería realizar o 9 de febreiro, trataríase sobre a vinculación de cada materia de formación básica a un ámbito de coñecemento específico. En posteriores reunións estudaríase a modificación de mencións, materias optativas, etc.

A continuación, a decana informa sobre da proclamación definitiva de representantes de estudantes a xuntas de centro que tivo lugar o día 22 de decembro de 2022; e de entre os representantes elixidos foi escollida como representante de estudantes para a Comisión de título do grao en Bioquímica a alumna Valeria Fernanda Esteban Galvis.

**3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-24.**

O día 22 de decembro de 2022 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2023-2024 nas titulacións de grao.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).



En consecuencia, solicítase que dende o centro se comuniquen as propostas de oferta de prazas para as titulacións de grao das que son responsables ata as 14:00 horas do 7 de febreiro de 2023. As propostas serán informadas pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa e aprobadas polo Consello de Goberno, para posteriormente enviar a proposta da USC á Secretaría Xeral de Universidades nos prazos previstos.

A presidenta propón a mesma oferta de prazas que para o curso 2022-23: 45 ordinarias, 5 cota traslados nacionais e 3 cota validación parcial de estudos estranxeiros.

Acórdase por asentimento manter a oferta de prazas proposta.

#### 4. PDA curso 2023-24.

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2023-24 da titulación de Grao en Bioquímica co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación a decana pasa a presentar as propostas presentadas para a modificación do PDA.

- Modificación de distribución de horas de docencia: para a materia **G1061425 Bioquímica e Sociedade**, tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro. Inicialmente estaba previsto distribuíla entre as áreas segundo o indicado na adscrición inicial, pero recibíuse petición do Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría para reducir as horas expositivas de 13 a 7, e o Departamento de Organización de Empresas e Comercialización deu a súa conformidade para asumir a diferenza de horas. Polo tanto a distribución quedaría do seguinte xeito:

Área	H. Expos.	H.Inter. Lab.	H. Inter.Sem.	H. Tit.
650 Organización de Empresas	26	12	2	2
807 Toxicoloxía	7	0	1	1

A área coordinadora sería a 650 Organización de Empresas ao asumir a maior parte da docencia.

- Solicitud de creación dun grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio: para a materia **G1061222 Química-física II** (pasando de 2 a 3) de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Física debido ao elevado número de alumnos que estiman cursarán a materia. Non é posible solicitalo como grupo de PDA ao non darse as circunstancias indicadas no artigo 16.c do Regulamento de planificación académica da USC (razóns organizativas ou de encaixe de grupos).

- Na materia **G1061448 Prácticas Externas** e **G1061426 Traballo Fin de Grao** introduciuse a estimación de distribución de horas por área de xeito igual para todas as áreas que participan na docencia da titulación, ao ser o primeiro ano de implantación e non contar con antecedentes para realizar unha estimación máis axeitada. Xa de cara aos vindeiros cursos poderá terse en conta a asignación a titores académicos de prácticas externas e titores/cotitores de TFG aprobada pola Comisión do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- O Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría solicitou a retirada da materia optativa **G1061445 Toxicoloxía Alimentaria**, a decana propón non aceptar esta solicitude ao non atoparse aínda implantado o 4º curso da titulación

Os membros da Comisión aproban por asentimento as propostas feitas pola presidenta.

#### 5. Rogos e preguntas.

Neste punto intervén a profesora Iburguren para preguntar sobre a asignación de materias básicas aos ámbitos de coñecemento, xa que descoñece como se teñen que distribuír, ao que a decana responde dicindo que se teñen que manter os 60 ECTS para materias básicas e que o 50% dos créditos pertencen ao mesmo ámbito que o asignado ao título.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 14/2/2023**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 horas do día 14 de febreiro de 2023 reúnense na aula 5 da segunda planta os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do Estudantado	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpan asistencia a esta reunión María Pilar Vázquez Tato, María Mercedes Camiña García e Miguel Blanco Álvarez.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 02/02/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non hai ningún informe que achegar.

**3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.**

A decana informa que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (RTOUSC), aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022; débese proceder á modificación da memoria do título para a súa implantación no curso 2024-25, sen esquecer que o límite para a súa entrega é o 14 de abril. Nesa data deberase presentar o proxecto de memoria, a memoria xustificativa, a memoria económica, o informe sobre a adscrición a áreas de coñecemento das materias do título, o acordo da xunta de centro e o acordo motivado dos departamentos implicados na docencia.

Con esa finalidade realizouse a declaración de intencións para a modificación da memoria do Grao en Bioquímica; que foi aprobada o 25 de novembro de 2022 pola Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno da USC o pasado 26 de xaneiro.

A decana continúa sinalando que o Grao en Bioquímica deberá experimentar modificacións substanciais relativas a:

1. Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén da formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan.
2. Modificación das mencións ao non cumprir o número mínimo de créditos.
3. Adaptación da memoria do grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021.

No caso do Grao en Bioquímica o ámbito de adscrición axeitado sería o denominado “**Bioquímica y Biotecnología**”, e así se incluíu na declaración de intencións. Nesta liña, e tendo en conta o artigo 22 do RTOUSC, como mínimo a metade dos créditos de formación básica

deberán estar vinculados ao ámbito de coñecemento do título. No caso dos plans de estudos de 240 créditos, isto tradúcese á metade dun mínimo de 60 créditos de formación básica, organizados en materias dun mínimo de 6. Así mesmo, o mesmo artigo indica que a formación básica debe ser ofertada na primeira metade da titulación.

No Grao en Bioquímica o número de créditos e a súa distribución son axeitados, tan só sería preciso vincular cada materia de formación básica aos distintos ámbitos de coñecemento que correspondan. A outra posibilidade sería revisar as materias básicas e obrigatorias e modificar a distribución entre as mesmas.

En primeiro lugar, a decana informa acerca das materias básicas ofertadas por titulacións relacionadas co grao en Bioquímica, como son os graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e Farmacia. En base a isto, presenta una proposta que foi amplamente discutida e modificada entre os asistentes.

Finalmente os membros da comisión acordan por unanimidade o seguinte:

1. Modificar o carácter das seguintes materias de formación básica que pasarán a ser obrigatorias: Microbioloxía, Química Analítica e Fisioloxía Animal I.
2. Modificar o carácter das seguintes materias obrigatorias que pasarán a ser de formación básica: Bioquímica Estrutural, Bioquímica Metabólica e Química Orgánica I.
3. Adscribir as materias de formación básica aos seguintes ámbitos de coñecemento:

<b>Ámbito do coñecemento</b>	<b>Materias</b>
Bioloxía e Xenética	Xenética
Bioquímica e Biotecnoloxía	Química Xeral e Inorgánica Diversidade Biolóxica Citoloxía e Histoloxía Bioquímica Estrutural Bioquímica Metabólica
Física e Astronomía	Física
Matemáticas e Estatística	Matemáticas Bioestatística
Química	Química Orgánica I

A continuación, a decana indica que de cara a vindeira reunión da comisión deberase analizar ás mencións do título, que deben ser modificadas por non cumprir o número mínimo de créditos que se establece no artigo 20 do RTOUSC. Isto representaría como mínimo un 20% da carga de

créditos total da titulación, o que se traduce en 48 créditos necesarios como mínimo para obter unha mención.

A alternativa que se contempla na declaración de intencións, é eliminar as 2 mencións das que consta actualmente o Grao e que o alumnado poda cursar os créditos optativos de entre as materias optativas ofertadas, reducindo a súa oferta de 13 materias (78 créditos) a 6 (36 créditos), o que supoñería eliminar 7 materias optativas.

A decana deixa aberta a cuestión acerca de cales materias optativas deberían eliminarse, para o que se vai a proceder a contactar cos diferentes departamentos e áreas de coñecemento para coñecer as súas opinións e trasladalas a unha próxima reunión da comisión do título co fin de decidir o que sexa máis axeitado para o título.

#### **4. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervéñ a profesora Ibarguren sinalando a necesidade de crear un grupo de centro para as prácticas da materia Bioquímica Metabólica. A responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos respóndelle que debe tramitar a solicitude o Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular segundo o indicado na normativa.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 3/3/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de creación de grupos de centro.
4. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 horas do día 3 de marzo de 2023 reúnense na aula 5 da segunda planta os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	VC
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María Pilar Vázquez Tato que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpan asistencia a esta reunión María de la Merced Novo Rodríguez, Valeria Fernanda Esteban Galvis e Eva Alonso López.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 14/02/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que houbo unha reunión de coordinación e cédelle a palabra ao coordinador, que indica que se realizou unha reunión o pasado 24 de febreiro co profesorado das materias do segundo semestre do primeiro curso do grao organizada pola profesora María Pilar Vázquez Tato, coordinadora de primeiro curso, co obxectivo de coordinar as actividades desenvolvidas nese período para evitar a saturación do alumnado. Os asistentes acordan por asentimento incorporar o informe de coordinación como **Anexo 1** á presente acta.

**3. Solicitud de creación de grupos de centro.**

A decana indica que no que respecta a solicitude de grupos de centro, na reunión da comisión celebrada o 14 de febreiro, a profesora Iburguren sinalou a necesidade da creación de grupos de centro. A solicitude tramitouse a través do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular e así se recibiu no Decanato.

Na devandita solicitude sinálase que na materia "Bioquímica Metabólica" do 2º semestre do 2º curso do grao xeraranse 2 novos grupos de docencia interactiva laboratorio, de xeito que a materia conte con 4 grupos en cada curso, xa que a solicitude se realiza para o presente curso 2022-23 e para o curso 2023-24. A solicitude ven motivada polo tipo de prácticas e co fin de lograr unha mellor calidade da docencia.

Os asistentes acordan por asentimento aceptar a creación de 2 grupos de centro adicionais de docencia interactiva de laboratorio na materia G1061223 Bioquímica para os cursos 2022-23 e 2023-24.

**4. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.**

A decana lembra que na última comisión, deixouse fixada a adscrición das materias de formación básica a determinados ámbitos do coñecemento, así como tamén se modificou o carácter dunhas



materias de formación básica que pasan a ser obrigatorias e materias obrigatorias que pasan a ser de formación básica.

Nesta reunión vanse analizar as mencións do título xa que non cumpren o mínimo de créditos que se establece no artigo 20 do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (RTOUSC), que indica que deben ser 48 os créditos necesarios para obter unha mención.

A proposta do decanato é eliminar as mencións e ofertar unha optatividade, reducindo a oferta de 13 materias (78 créditos) a 6 (36 créditos, que é o máximo que se pode ofertar cando os estudantes teñen que cursar 12 ECTS optativos, segundo o RTOUSC), o que implica eliminar 7 materias optativas.

Explorouse esta cuestión co PDI encargado da docencia das distintas materias optativas para ir analizando o tema da optatividade, e como resultado propónse que as materias optativas que se poderían eliminar da oferta serían as seguintes:

- Bioquímica da Actividade Física e do Avellentamento
- Bioquímica dos Alimentos
- Manexo Básico de Roedores e Lagomorfos en Experimentación
- Microbioloxía Industrial
- Nutrición Humana Avanzada
- Toxicoloxía Alimentaria

Quedando pendente de resolver para unha vindeira reunión co profesorado da área, que materia das ofertadas polo departamento de Química Física se eliminaría de entre as optativas, ou ben Técnicas Espectroscópicas e Microscópicas de Estudo de Biomoléculas, ou ben Interacción e Recoñecemento en Biomoléculas.

A proposta realizada pola decana foi aprobada polos asistentes por asentimento.

A continuación a decana propón que na próxima comisión se traten os "Resultados da Aprendizaxe", tendo en conta que agora os resultados da aprendizaxe que figuran para cada materia, deben pasar a resultados de aprendizaxe globais do título.

É imprescindible que os resultados de aprendizaxe descritos poidan adquirirse a través dos créditos obrigatorios da titulación; polo tanto, deberán ser idénticos para todo o estudantado titulado, con independencia da modalidade de ensino que se curse ou do percorrido formativo

elixido. Avaliarase que sexan o bastante diferenciados e non se produzan solapamentos, e que o número de resultados de aprendizaxe propostos sexa razoable (arredor duns 25). Estes resultados de aprendizaxe son de carácter máis xeral que os que deberán especificarse nas materias. Ao non ter mencións, non será necesario incluír os resultados da aprendizaxe de cada mención.

Os resultados de aprendizaxe deberán expresarse en termos de coñecementos, habilidades e competencias, e deberán ser coherentes cos obxectivos formativos da titulación. A diferenza dos obxectivos formativos, os resultados de aprendizaxe non dependen do profesorado, senón do estudantado, da predisposición ou da capacidade para aprender. Son declaracións do que se espera que o estudante coñeza, entenda e/o poida demostrar ao final dun período de aprendizaxe.

### **5. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén a profesora Iburguren preguntando pola xestión do máster en Biociencias Moleculares. A decana respóndelle que se está aínda nunha fase moi inicial na que está a tomar forma a comisión redactora.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 10/3/2023**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 horas do día 10 de marzo de 2023 reúnen no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto María de Izaskun Iburguren Ariceta e Eva Alonso López que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpa asistencia a esta reunión María Pilar Vázquez Tato.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 14/02/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

A profesora Novo sinala que no Anexo 1 da acta hai un erro co seu segundo apelido, que é Rodríguez e non Freire.

A decana responde que o erro será emendado e pregunta se con esa corrección pódese aprobar a acta da reunión anterior da comisión. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.**

A decana lembra que na anterior reunión propúxose que nesta reunión se trataran os "Resultados da Aprendizaxe", tendo en conta que agora os resultados da aprendizaxe que figuran para cada materia, deben pasar a resultados da aprendizaxe globais do título.

Os resultados da aprendizaxe deberán expresarse en termos de coñecementos, habilidades e competencias, e deberán ser coherentes cos obxectivos formativos da titulación. A diferenza dos obxectivos formativos, os resultados da aprendizaxe non dependen do profesorado, senón do estudantado, da predisposición ou da capacidade para aprender. Son declaracións do que se espera que o estudante coñeza, entenda e/ou poida demostrar ao final dun período de aprendizaxe. Na guía de apoio para a redacción, posta en práctica e avaliación dos resultados da aprendizaxe elaborada pola ANECA, indícase que os resultados da aprendizaxe son declaracións do que se espera que un estudante coñeza, comprenda e/ou sexa capaz de facer ao final dun período de aprendizaxe.

A decana recalca que todos os termos que compoñen os resultados da aprendizaxe (coñecementos, habilidades e competencias) teñen que ser avaliábeis.

A decana presenta un documento no que se reuniron a maior parte das competencias que figuran na actual memoria do título coa finalidade de que sirva de base para elaborar unha listaxe xeral

de coñecementos, habilidades e competencias que deben alcanzar os estudantes que completen o grao. Ese documento vai ser enviado aos membros da comisión para que o estuden e propoñan as modificacións que crean oportunas para melloralo e reduci-lo na medida do posible.

Posteriormente ese documento enviarase aos coordinadores das diferentes materias do título para que cada un incorpore á ficha da memoria os coñecementos, competencias e habilidades que crea máis adecuadas (unhas 8 como máximo).

#### **4. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén o profesor Blanco comentando o interese dos alumnos de 3º por coñecer as condicións nas que se van a ofertar e poderanse elixir os traballos de fin de grao a realizar o curso 2023-24.

A decana respóndelle que aínda non se conta cunha normativa para ese efecto, pero que coa experiencia do noso centro e doutros centros da USC elaborárase unha normativa para abordar esa cuestión; algo que terá que facerse tras terminar o traballo de modificación da memoria do título.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 17/3/2023**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 horas do día 17 de marzo de 2023 reúnense no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	P

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 14/02/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

## 2. Informes.

A decana comenta que non se presenta ningún informe, pero indica que os decanos das facultades da USC nas que se están realizando modificacións na memoria dos graos solicitaron á Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización unha ampliación do prazo de presentación das memorias.

## 3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.

Na anterior reunión da comisión, a decana presentou un documento no que se reuniron a maior parte das competencias que figuran na actual memoria do título coa finalidade de que sirva de base para elaborar unha listaxe xeral de coñecementos, habilidades e competencias que deben alcanzar os estudantes que completen o grao. Ese documento foi enviado aos membros da comisión para que o estudasen e propuxesen as modificacións que cresen oportunas para melloralo e reduci-lo na medida do posible.

A decana presentou un documento cos resultados da aprendizaxe inicialmente propostos, e tras unha discusión moi construtiva na que interviñeron a práctica totalidade dos membros da comisión, chegouse ao acordo de incorporar á memoria do Título de xeito literal os Resultados da Aprendizaxe que se inclúen a continuación, clasificados nos tres tipos: Coñecementos, Habilidades ou Destrezas e Competencias.

### *“Resultados del Aprendizaje*

#### *Conocimientos*

*Con01: Reconocer la estructura y función de los distintos tipos celulares. Comprender la diversidad y recordar la taxonomía biológica.*

*Con02: Reconocer las bases físicas, químicas, matemáticas y estadísticas de los procesos biológicos.*

**Con03:** *Conocer los fundamentos químicos que determinan la estructura de las moléculas y reactividad de los grupos funcionales.*

**Con04:** *Demostrar el conocimiento de las bases químicas que permiten el diseño de cualquier técnica experimental necesaria para el análisis de moléculas.*

**Con05:** *Conocer e interpretar la diversidad del mundo microbiano, el metabolismo, la fisiología y la genética que regula sus funciones.*

**Con06:** *Comprender en profundidad los principales procesos fisiológicos y metabólicos de los organismos multicelulares, así como identificar y explicar las bases moleculares y la regulación de dichos procesos.*

**Con07:** *Conocer e interpretar la estructura, organización, transmisión, expresión, regulación y evolución del material genético.*

**Con08:** *Reconocer en profundidad las bases químicas y biológicas, que determinan la estructura tridimensional de las moléculas y complejos supramoleculares y relacionar su estructura y funciones.*

**Con09:** *Identificar y relacionar los componentes del sistema inmunitario, su estructura, función y mecanismos de acción.*

**Con10:** *Adquirir conocimientos y distinguir las distintas aplicaciones de los principales métodos experimentales y de instrumentación.*

**Con11:** *Interpretar adecuadamente el marco institucional y jurídico en el ámbito empresarial, protección de la propiedad intelectual e industrial, etc.*

### **Habilidades o destrezas**

**H/D01:** *Aplicar adecuadamente las herramientas físicas, químicas, matemáticas y estadísticas al estudio de los procesos biológicos.*

**H/D02:** *Utilizar los fundamentos del equilibrio químico para manejar y ejecutar los principales métodos de instrumentación analítica.*

**H/D03:** *Utilizar los principios químicos y termodinámicos de la biocatálisis y el papel de las enzimas en el funcionamiento de las células y organismos.*

**H/D04:** *Integrar e interpretar las bases de la regulación endocrina y de los distintos sistemas de comunicación intercelular y de señalización intracelular.*



**H/D05:** Utilizar las técnicas adecuadas para el estudio de la estructura y función génica para el desarrollo de aplicaciones biotecnológicas.

**H/D06:** Analizar y evaluar de forma crítica los marcadores genéticos, moleculares y bioquímicos asociados a las diferentes patologías.

**H/D07:** Diseñar y ejecutar las técnicas inmunoquímicas e interpretar los resultados.

**H/D08:** Planificar y utilizar los principales métodos experimentales dirigidos al análisis de la actividad biológica, técnicas de aislamiento, caracterización de moléculas biológicas, desarrollo de sistemas terapéuticos y evaluación de sustancias activas.

**H/D09:** Interpretar la información de las principales bases de datos biológicos (genómicos, transcriptómicos, proteómicos, metabolómicos, etc) y datos bibliográficos, utilizando las herramientas bioinformáticas básicas.

**H/D10:** Evaluar las necesidades nutricionales del organismo humano en todas las etapas de la vida.

**H/D11:** Establecer los principales problemas y aplicaciones actuales en el campo de la Virología.

**H/D12:** Elaborar, redactar y presentar oralmente un estudio o proyecto en el ámbito de la Bioquímica, interpretando críticamente los resultados obtenidos y evaluando las conclusiones alcanzadas.

**H/D13:** Aplicar adecuadamente los conocimientos y técnicas adquiridos en las diferentes materias del título para analizar una situación o concepto complejos y encontrar una manera de solventarlos.

### **Competencias**

**Comp01:** Desarrollar la capacidad de organizar y planificar adecuadamente el trabajo, partiendo de una síntesis y análisis que permitan tomar decisiones.

**Comp02:** Desarrollar capacidad de liderazgo que permita ofrecer soluciones oportunas y creativas en situaciones profesionales complejas.

**Comp03:** Desarrollar la capacidad de identificar y corregir las desigualdades por razones de género, socioeconómicas, etc.

**Comp04:** Actuar con profesionalidad rigiéndose por principios éticos, de rigor científico y de desarrollo sostenible.

**Comp05:** *Colaborar en equipos interdisciplinares en cualquier ambiente de trabajo, partiendo del conocimiento del entorno y de la normativa legal vigente.*

**Comp06:** *Desarrollar la capacidad de aprender de forma autónoma con iniciativa y espíritu emprendedor.*

**Comp07:** *Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y de la comunicación.*

**Comp08:** *Ser capaz de comunicar unas conclusiones y conocimientos de forma argumentada a públicos especializados y no especializados con claridad y precisión, también en lenguas extranjeras, principalmente en lengua inglesa.”*

A decana informa que esta listaxe de Resultados da Aprendizaxe será enviado aos coordinadores das materias do grao para que cada un incorpore á ficha da memoria os coñecementos, competencias e habilidades que crea máis adecuadas (unhas 8 como máximo). Escollendo como máximo 3 coñecementos, 3 habilidades ou destrezas e 2 competencias.

Finalmente a decana informa que na próxima reunión da comisión tratarase a "Metodoloxía Docente" que se utilizará globalmente no grao.

#### **4. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén a representante do estudantado, Valeria Fernanda Esteban Galvis, para sinalar o malestar entre o alumnado de 3º curso do grao polas prácticas que se realizan nas materias de “Fisioloxía Animal” e pola falta de información na USC virtual da materia "Farmacoloxía Molecular", o que dificulta o seguimento das súas clases e a comprensión da información recibida. A representante do alumnado indica que ademais de non ter material docente no campus virtual, ante as peticións reiteradas dos estudantes, as docentes responden que non subirán material algún. Por outra banda, alegan que cos contidos da materia que se están a impartir están baseados unicamente no temario e posiblemente sexan coincidentes cos que poderían recibir o alumnado de Veterinaria, pero que non están adaptados a un grao como é o de Bioquímica. As prácticas de aula de informática tamén son motivo de queixa, xa que segundo indican os estudantes a través da súa representante, estas prácticas se levan a cabo na aula de informática sen que a docente lles de ningún tipo de explicación sobre o que deben facer.

A decana e o coordinador de grao respóndenlle que se tratará o tema coas docentes das materias para aclarar e mellorar a situación.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA**

---

A continuación a profesora Bouza comenta o interese amosado polo alumnado por coñecer a maneira en que se vai a xestionar a adxudicación dos TFGs para o curso 2023-24.

A decana respóndelle que aínda non se conta cunha normativa para ese efecto, pero que coa experiencia do noso centro e doutros centros da USC elaborárase unha normativa para abordar esa cuestión; algo que terá que facerse tras terminar o traballo de modificación da memoria do título.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 27/3/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do Grao en Bioquímica 2021-22: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Proposta de horarios para o curso 2023-24.
5. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
6. Rogos e preguntas.

Ás 9:15 horas do día 27 de marzo de 2023 reúnense no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, informa que desculpan asistencia a esta reunión María de Izaskun Ibarguren Ariceta, Miguel Blanco Álvarez, Valeria Fernanda Esteban Galvis e Eva Alonso López.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 17/03/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe, pero indica que os decanos das facultades da USC nas que se están realizando modificacións na memoria dos graos solicitaron á Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización unha ampliación do prazo de presentación das memorias pero desde a Vicerreitoría comunicouse que non era posible ao atoparse unificado este calendario para as tres universidades do Sistema Universitario Galego.

**3. Seguimento do Grao en Bioquímica 2021-22: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.**

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos e elaborou un Informe Anual de Resultados.

A decana cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do Grao en Bioquímica para o curso 2021-22 que se acompaña como **Anexo 1** a este acta, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso PE-02 Revisión e Mellora realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

**4. Proposta de horarios para o curso 2023-24.**

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, e a explicación dos cambios realizados, apróbase por asentimento a proposta de horarios 2023-24 da titulación de Grao en Bioquímica, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de horarios definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

### **5. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.**

Na anterior reunión da comisión, chegouse ao acordo de incorporar á memoria do Título os Resultados da Aprendizaxe, aprobados pola Comisión, clasificados nos tres tipos: Coñecementos, Habilidades ou Destrezas e Competencias.

A decana informa que esa lista de Resultados da Aprendizaxe foi enviada aos coordinadores das materias do grao para que cada un incorporase á ficha da memoria os coñecementos, competencias e habilidades que crese máis adecuadas (unhas 8 como máximo). Escollendo como máximo 3 coñecementos, 3 habilidades ou destrezas e 2 competencias.

A decana informa que a resposta do profesorado foi rápida e adecuada, pois a ferramenta elaborada (Forms) por Concepción Gay González funcionou perfectamente.

Unha vez realizado este traballo, seguiuase elaborando a memoria estudando os sistemas de avaliación e a metodoloxía docente, que serán presentados á Comisión para a seguinte reunión.

A decana comenta finalmente que unha vez sexan acordados os sistemas de avaliación e a metodoloxía docente, enviarase aos Departamentos a Solicitud de Compromiso de Docencia; sen esquecer que se debe facer tamén unha memoria xustificativa e unha memoria económica, xunto coa xustificación da Comisión de Calidade do Centro.

### **6. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén a profesora Novo para solicitar que as clases situadas en horario de tarde, impártanse en aulas non expostas directamente ao sol.

A decana respóndelle que a súa proposta será tomada en consideración.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 31/3/2023**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 horas do día 31 de marzo de 2023 reúnen no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Concepción Gay González que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpan asistencia a esta reunión María del Pilar Vázquez Tato, María de Izaskun Iburguren Ariceta, Valeria Fernanda Esteban Galvis e Eva Alonso López.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.



**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 27/03/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe, pero indica que xa se enviou aos departamentos a solicitude de compromiso para a docencia no grao en Bioquímica.

**3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.**

A decana informa que xa se recibiron un gran número de respostas aos formularios enviados aos profesores co fin de que cada un deles respondese a cuestións relacionadas coa metodoloxía docente e sistemas de avaliación.

A continuación a presidenta fai un repaso sobre a información recibida, comentando ademais o traballo realizado e o que queda pendente na modificación da memoria, que unha vez finalizada e analizada pola Comisión do Título, deberá ser aprobada pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade.

**4. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 12/4/2023**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 horas do día 12 de abril de 2023 reúnen no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta da Comisión, indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpa asistencia a esta reunión María Mercedes Camiña García.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 31/03/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Proposta de modificación do Grao en Bioquímica.**

A decana informa que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022; procedeuse á modificación da memoria do título.

As principais modificacións realizadas foron:

**I. Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén das materias de formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan.**

Segundo o artigo 8 do Regulamento, todos os títulos de grao deberán adscribirse, a través dunha declaración explícita na memoria de verificación, a un dos ámbitos de coñecemento recollidos no anexo I do Real Decreto 822/21, no lugar de facelo a ramas de coñecemento.

Analizando o citado anexo I no caso do GBQ o ámbito de coñecemento axeitado para o mesmo é o denominado “**Bioquímica y biotecnología**”.

Tendo en conta o artigo 22 do Regulamento, os plans de estudos de grao de 240 créditos terán un mínimo de 60 créditos de formación básica organizados en materias dun mínimo de 6 créditos e ofertados na primeira metade da titulación. Como mínimo a metade destes créditos estarán vinculados ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título.

Co fin de adaptarse a este regulamento modificouse a consideración de 3 materias de formación básica (Microbioloxía, Química Analítica e Fisioloxía Animal I), que pasan a ser materias de

carácter obrigatorio; e 3 materias obrigatorias (Bioquímica Estructural, Bioquímica Metabólica e Química Orgánica I) pasan a ser materias de formación básica.

## **II. Modificación das mencións ao non cumprir o número mínimo de créditos, que agora se establece como mínimo no 20% da carga de créditos total do grao.**

O artigo 20 do Regulamento establece que as mencións deben ter como mínimo o 20% da carga de créditos totais do grao, que no caso do GBQ ao constar de 240 créditos ECTS ascendería a 48 créditos ECTS.

Actualmente na memoria verificada do GBQ contémplanse 2 mencións: Mención en Bioquímica Agroalimentaria e Mención en Bioquímica Aplicada, que ofertan 42 créditos cada unha e para obter calquera destas mencións o estudantado deberá cursar 12 ECTS das materias optativas correspondentes a cada mención. Tamén poderá o estudantado completar o plan de estudos sen obter ningunha das mencións, cursando os créditos optativos de entre as materias ofertadas.

O que se propón na memoria modificada é eliminar as mencións existentes e que o alumnado curse os 12 créditos optativos necesarios para completar o plan de estudos de entre as materias ofertadas, sendo preciso racionalizar a oferta de optatividade, xa que o artigo 23 do Regulamento indica que os plans de estudos terán un máximo dun 15% de créditos optativos do total de créditos do título (en casos excepcionais xustificados poderá superarse ese límite) e que a oferta de créditos en materias optativas estará entre o dobre e o triplo dos créditos optativos que deba cursar o/a estudante, sempre que non se superen os 72 créditos.

Segundo isto, mantendo a distribución actual de créditos da memoria, pola cal é preciso cursar 12 créditos optativos, a oferta destes créditos podería estar entre 24 e 36. Na actualidade a oferta de optativas do grao ascende a 78 créditos (13 materias) polo que é preciso reducilas polo menos en 42 créditos (7 materias).

As 7 materias eliminadas da oferta de optativas son: Bioquímica da actividade física e do avellentamento, Bioquímica dos alimentos, Interacción e recoñecemento en biomoléculas, Manexo básico de roedores e lagomorfos en experimentación, Microbioloxía industrial, Nutrición humana avanzada, e Toxicoloxía alimentaria.

## **III. Adaptación da memoria do grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021.**

Tendo en conta o artigo 65 do citado Regulamento, ao precisar modificar as mencións, implica unha **modificación substancial do título**. Segundo a disposición transitoria quinta, apartado 2 do RD 822/2021 cando a universidade propón unha modificación substancial do título é preciso adaptar a memoria ao modelo establecido no anexo II do citado RD.

A presidenta comenta que ademais se actualizaron algúns **cambios non substanciais** realizados no título e que non figuraban na memoria, como a substitución da materia optativa de 6 ECTS Cribado Farmacolóxico Experimental pola materia Epidemioloxía e Saúde Pública tamén optativa e de 6 ECTS.

A decana sinala que se realizou unha reformulación do apartado de Resultados do Proceso de Formación e da Aprendizaxe; volvéronse a describir as actividades formativas e adaptáronse as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación.

Finalmente actualizouse a información sobre o persoal docente e o cronograma de implantación do título; implantación que se fará nunha soa vez, mentres que a extinción do plan antigo realizarase curso a curso.

A continuación a presidenta comenta que non se realizaron cambios no marco temporal, nin de contidos nin de adscrición das materias; e que se seguen mantendo os requisitos xerais e específicos do título recolleitos no Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan os ensinos universitarios oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se considera que a memoria modificada do grao segue tendo validez.

Despois da presentación da proposta da modificación da memoria ábrese unha quenda de intervencións nas que se solicitan diferentes aclaracións sobre a implantación do novo plan de estudos do grao e non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, a modificación proposta foi aprobada por asentimento.

A proposta definitiva da modificación da memoria do Grao en Bioquímica estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

#### **4. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 29/5/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Alegacións presentadas ao proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica e resposta as mesmas.
4. Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 horas do día 29 de maio de 2023 reúnen no Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P

P – presencial

A presidenta da Comisión, informa que desculpa asistencia a esta reunión Eva Alonso López.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/04/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe, pero quere comentar que nas próximas reunións da comisión trataranse as normativas que se aplicarán para o desenvolvemento das prácticas externas e do traballo fin de grao do título.

**3. Alegacións presentadas ao proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica e resposta as mesmas.**

A decana informa que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022; procedeuse á modificación da memoria do título.

Segundo o calendario establecido na convocatoria anual pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, unificado coas outras dúas universidades de Galicia, tras unha fase de exposición pública a centros e departamentos das memorias dos títulos (entre o 17 de abril e o 2 de maio), recibíuse unha alegación do departamento de Matemática Aplicada.

No documento presentado por este departamento expónse que debido á experiencia acumulada no tempo no que leva impartindo a materia “Matemáticas”, considera como máis conveniente para organizar e impartir os contidos da materia, modificar a distribución das horas de clases expositivas e das clases interactivas de seminario da seguinte maneira:

-As horas de docencia expositiva pasarían de 33 a 36.

-As horas de docencia interactiva de seminario pasarían de 15 a 12.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, a modificación proposta foi aprobada por

asentimento.

**4. Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.**

A decana indica que ao fío da alegación aceptada, incluírase na memoria do grao a modificación da distribución de horas de docencia expositiva e interactiva de seminario proposta polo departamento de Matemática Aplicada para a materia “Matemáticas”.

A proposta definitiva da modificación da memoria do Grao en Bioquímica foi aprobada por asentimento e incorporárase na correspondente acta da Xunta de Facultade.

**5. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez



## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 7/6/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2023-24.
4. Elaboración da proposta de normativa de TFG, do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de TFG e Rúbrica de Avaliación de TFG.
5. Elaboración da proposta de Normas para o Desenvolvemento das Prácticas Externas.
6. Rogos e preguntas.

Ás 12:15 horas do día 7 de xuño de 2023 reúnense na Sala de Reunións os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto, Eva Alonso López que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 29/05/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2023-24.**

A decana informou de que, como cada curso académico, os coordinadores de título, revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador que comenta que non se atoparon erros nas programacións docentes presentadas, coa excepción de dúas materias. No caso da materia Toxicoloxía Alimentaria sinala que aínda non se introduciu a programación académica; mentres que na materia Endocrinoloxía Molecular detectáronse erros no que respecta ao Sistema de Avaliación, onde se introduciron valores que non se axustan ás ponderacións incluídas na ficha da materia na memoria do título.

A decana indica que se vai a solicitar aos departamentos implicados que se realicen os cambios requiridos, e deberá informarse ao Centro sobre a finalización deses cambios para proceder á súa revisión e á aprobación da programación.

Finalmente, os asistentes acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes do Grao en Bioquímica para o curso 2023-24 unha vez corrixidos os erros detectados.

#### **4. Elaboración da proposta de normativa de TFG, do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de TFG e Rúbrica de Avaliación de TFG.**

A decana indica que tomando como referencia o “Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, e as normativas de TFG das distintas titulacións do centro aprobadas en Xunta de Facultade e tamén polo Consello de Goberno da USC, poderíase iniciar o proceso de elaboración dunha proposta de normativa para o TFG do grao en Bioquímica.

A decana expón entón un debate aberto entre os membros da Comisión para decidir aspectos do TFG tales como a súa natureza (de investigación, industrial, divulgación, revisión bibliográfica), a asignación dos traballos, implicación das diferentes áreas etc.

Trátanse ideas diversas e tras unha prolongada deliberación, decídese continuar co estudo das diferentes características do TFG no grao en Bioquímica noutra reunión da comisión do título.

#### **5. Elaboración da proposta de Normas para o Desenvolvemento das Prácticas Externas.**

A decana indica que poderíase iniciar o proceso de elaboración dunha proposta de normativa para as Prácticas Externas do grao en Bioquímica tomando como referencia o “Regulamento de Prácticas Académicas Externas” da Universidade de Santiago de Compostela, e as normas para o desenvolvemento de prácticas externas doutras titulacións do centro.

Esta proposta é aceptada, pero decídese, como para o caso do TFG, continuar debatendo sobre esta cuestión nunha próxima reunión da Comisión.

#### **6. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 21/7/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da Proposta de normativa de TFG, do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de TFG e da Rúbrica de Avaliación de TFG.
4. Aprobación, se procede, de liñas temáticas e tutores de TFG e establecemento do número de traballos a titorizar por cada área de coñecemento.
5. Aprobación, se procede, da proposta de Normas para o Desenvolvemento das Prácticas Externas.
6. Revisión ponderacións ABAU.
7. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 horas do día 21 de xullo de 2023 reúnense na Sala de Reunións os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto, Valeria Fernanda Esteban Galvis que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios; e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado.

Informa que desculpa asistencia a esta reunión Eva Alonso López.

A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### **2. Informes.**

A decana informa de que a memoria de verificación do título foi aprobada sen problemas no Consello de Goberno celebrado o pasado 29 de xuño. Previamente, con só 48 horas de antelación a esta reunión, o Servizo de Xestión de Oferta e Programación Académica comunicounos que na reunión da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa que tivo lugar días antes se acordara homoxeneizar o criterio de tramitación das modificacións de diversos graos, entre os que se atopaba o Grao en Bioquímica, consistente en tramitalo como reverificación e con extinción total do plan de estudos actual no mesmo curso da implantación do novo. Ao mesmo tempo solicitáronnos, para levar isto a cabo, realizar os axustes necesarios na memoria modificada do título, concretamente no punto 7, *Calendario de Implantación*, que foi integramente modificado, co obxecto de sometela á aprobación do Consello de Goberno o día 29 de xuño.

A redacción deste apartado quedou literalmente ao final establecida do seguinte xeito:

#### ***“ 7\_ CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN***

##### ***7.1 Cronograma de implantación del título -temporalización por cursos del despliegue de la enseñanza, o, en su caso, despliegue por varios cursos o total.***

*La implantación del nuevo plan de estudios del Grado en Bioquímica se llevará a cabo íntegramente en el curso 2024-25.*

*La extinción del actual plan de estudios del Grado en Bioquímica también tendrá lugar en el curso 2024-25.*

**7.2 Procedimiento de adaptación, en su caso, al nuevo plan de estudios por parte del estudiantado procedente de la anterior ordenación universitaria.**

El procedimiento de adaptación al nuevo plan de estudios del estudiantado perteneciente a la titulación que se extingue, se hará de acuerdo con la siguiente tabla:

<b>Grado en Bioquímica</b>	
<b>Plan de estudios actual</b>	<b>Nuevo plan de estudios</b>
<i>Citología e Histología</i>	<i>Citología e Histología</i>
<i>Diversidad Biológica</i>	<i>Diversidad Biológica</i>
<i>Física</i>	<i>Física</i>
<i>Matemáticas</i>	<i>Matemáticas</i>
<i>Química General e Inorgánica</i>	<i>Química General e Inorgánica</i>
<i>Bioestadística</i>	<i>Bioestadística</i>
<i>Bioquímica Estructural</i>	<i>Bioquímica Estructural</i>
<i>Química Analítica</i>	<i>Química Analítica</i>
<i>Química Física I</i>	<i>Química Física I</i>
<i>Química Orgánica I</i>	<i>Química Orgánica I</i>
<i>Enzimología</i>	<i>Enzimología</i>
<i>Fisiología Animal I</i>	<i>Fisiología Animal I</i>
<i>Genética</i>	<i>Genética</i>
<i>Microbiología</i>	<i>Microbiología</i>
<i>Química Física II</i>	<i>Química Física II</i>
<i>Bio-Inorgánica</i>	<i>Bio-Inorgánica</i>
<i>Bioquímica Metabólica</i>	<i>Bioquímica Metabólica</i>
<i>Fisiología Animal II</i>	<i>Fisiología Animal II</i>
<i>Fisiología Vegetal</i>	<i>Fisiología Vegetal</i>
<i>Química Orgánica II</i>	<i>Química Orgánica II</i>
<i>Análisis Instrumental</i>	<i>Análisis Instrumental</i>
<i>Biología Molecular</i>	<i>Biología Molecular</i>
<i>Biología Molecular de las Plantas</i>	<i>Biología Molecular de las Plantas</i>
<i>Genética Molecular e Ingeniería Genética</i>	<i>Genética Molecular e Ingeniería Genética</i>
<i>Nutrición</i>	<i>Nutrición</i>
<i>Biología del Desarrollo</i>	<i>Biología del Desarrollo</i>
<i>Endocrinología Molecular</i>	<i>Endocrinología Molecular</i>
<i>Farmacología Molecular</i>	<i>Farmacología Molecular</i>
<i>Inmunología</i>	<i>Inmunología</i>
<i>Señalización Celular</i>	<i>Señalización Celular</i>
<i>Análisis Genómico y Bioinformática</i>	<i>Análisis Genómico y Bioinformática</i>
<i>Bioquímica Clínica</i>	<i>Bioquímica Clínica</i>
<i>Bioquímica y Sociedad</i>	<i>Bioquímica y Sociedad</i>
<i>Herramientas Tecnológicas Celulares</i>	<i>Herramientas Tecnológicas Celulares</i>
<i>Virología</i>	<i>Virología</i>
<i>Prácticas Externas</i>	<i>Prácticas Externas</i>
<i>Bioquímica y Biología Molecular del Cáncer</i>	<i>Bioquímica y Biología Molecular del Cáncer</i>
<i>Diseño y Gestión de Proyectos</i>	<i>Diseño y Gestión de Proyectos</i>
<i>Epidemiología y Salud Pública</i>	<i>Epidemiología y Salud Pública</i>
<i>Nanotecnología Alimentaria</i>	<i>Nanotecnología Alimentaria</i>
<i>Técnicas Espectroscópicas y Microscópicas de Estudio de Biomoléculas</i>	<i>Técnicas Espectroscópicas y Microscópicas de Estudio de Biomoléculas</i>

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA**

<b>Grado en Bioquímica</b>	
<b>Plan de estudios actual</b>	<b>Nuevo plan de estudios</b>
Tecnología de Biomateriales	Tecnología de Biomateriales
Bioquímica de la Actividad Física y del Envejecimiento (*)	Créditos optativos (*)
Bioquímica de los Alimentos (*)	Créditos optativos (*)
Manejo Básico de Roedores y Lagomorfos en Experimentación (*)	Créditos optativos (*)
Microbiología Industrial (*)	Créditos optativos (*)
Nutrición Humana Avanzada (*)	Créditos optativos (*)
Toxicología Alimentaria (*)	Créditos optativos (*)
Interacción y Reconocimiento en Biomoléculas (*)	Créditos optativos (*)

(\*) Estas asignaturas podrán ser reconocidas por créditos optativos con la misma denominación y número de créditos que en la titulación de origen

**7.3 Enseñanzas que se extinguen por la implantación del correspondiente título propuesto.**

Las enseñanzas que se extinguen son las correspondientes al título de Graduado o Graduada en Bioquímica por la Universidad de Santiago de Compostela, con código RUCT 2504170. “

**3. Aprobación, se procede, da proposta de normativa de TFG, do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de TFG e da Rúbrica de Avaliación de TFG.**

A decana informou que as propostas presentadas de normativa, procedemento e rúbrica están baseados na normativa da USC e noutras xa coñecidas como as implantadas noutras titulacións da Facultade de Ciencias.

Tras a presentación da proposta de normativa de TFG, ábrese unha quenda de intervencións na que participan a totalidade dos membros da comisión para dar a súa opinión e achegar ideas que melloran a proposta inicial.

Os puntos da proposta que se modifican tras un intenso debate son en primeiro lugar no artigo 2, o punto 2.3 que quedou redactado literalmente da seguinte forma:

**“ 2.3.- O traballo Fin de Grao será orixinal, individual e incluírá como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información e elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa. Poderá ser dun dos seguintes tipos:**

- a) *Traballo Experimental.*
- b) *Revisión Bibliográfica.*

O TFG terá unha portada segundo o anexo IV e unha extensión aproximada de 50 páxinas máis anexos (se procede), e no mesmo non constará o nome do/a titor/a.

O TFG amosará o traballo desenvolvido polo alumno e deberá adoptar a seguinte estrutura:



## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA

- a) No caso de que se trate dun **Traballo Experimental**, este deberá de ter a estrutura dun artigo científico e conter polo menos os seguintes capítulos: Índice, Resumo, Introducción, Obxectivos, Material e Métodos, Resultados e Discusión, Conclusións e Bibliografía.
- b) No caso de que se trate dunha **Revisión Bibliográfica** este poderá ter outros capítulos adicionais en función do tema pero a súa extensión e complexidade garantirá en todo caso un esforzo similar por parte do alumno en comparación ca elección doutro tipo de traballo.”

En segundo lugar, no artigo 6, modifícase o segundo parágrafo do punto 6.3 que queda redactado literalmente do seguinte xeito:

*“Procurarase que a participación dos PDI nos Tribunais sexa rotatoria. Por cada 10 proxectos ou fracción presentados nomearase un Tribunal constituído por profesores que pertencerán a distintas áreas de coñecemento. En todo caso, polo menos un dos membros do tribunal pertencerá a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas xerais dos traballos. Poderá constituírse un Tribunal Único para a avaliación dos TFG da mesma convocatoria.”*

Tras estes cambios os asistentes acordaron por asentimento, coa excepción da profesora Novo Rodríguez que manifestou o seu desacordo, aprobar a proposta de normativa de TFG (**Anexo 1**), que terá que ser aprobada en Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno da USC.

A continuación a decana deu lectura ao Procedemento de asignación de titores e propostas de TFG (**Anexo 2**), centrándose nas alternativas para a asignación de titores; ou ben a modalidade A) Asignación directa, ou ben a B) Solicitar a asignación dun titor/a en base á listaxe de titores/as dispoñibles publicada, unha vez rematada a asignación directa de TFG.

Normativa que foi aprobada por asentimento dos membros da comisión.

A continuación presentouse a Rúbrica de Avaliación (**Anexo 3**) realizada tomando como base as xa existentes noutras titulacións da Facultade de Ciencias, que foi tamén aprobada por asentimento, aínda que se subliñou a necesidade de estudar a súa adecuación tras a súa utilización durante un curso académico, co obxecto de modificala se fose necesario.

Por último aprobouse tamén por asentimento o seguinte calendario de asignación dos TFG para o curso 2023-24:

### CALENDARIO ASIGNACIÓN TFG GRAO EN BIOQUÍMICA CURSO 2023-24

Unha vez realizada a matrícula do TFG, os prazos para a asignación de TFG serán os seguintes:

#### PRIMEIRO SEMESTRE

OPCIÓN A Presentación de proposta de TFG	1-22 de setembro de 2023
OPCIÓN B Presentación de solicitude de asignación de titor Publicación da lista de asignación	25-29 de setembro de 2023 ata o 4 de outubro de 2023

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA**

OPCIÓN C Comunicación de continuación de proposta vixente de TFG	1-22 de setembro de 2023
OPCIÓN A E B Presentación de proposta de TFG a través da secretaría virtual	16 de outubro-2 de novembro

**SEGUNDO SEMESTRE:** só para alumnado que non concorreu ao primeiro semestre

OPCIÓN A Presentación de proposta de TFG	15-23 de febreiro de 2024
OPCIÓN B Presentación de solicitude de asignación de titor Publicación da lista de asignación	26 febreiro-1 marzo de 2024 ata o 6 de marzo de 2024
OPCIÓN C Comunicación de continuación de proposta vixente de TFG	15-23 de febreiro de 2024
OPCIÓN A E B Presentación de proposta de TFG a través da secretaría virtual	8-22 de marzo

**4. Aprobación, se procede, de liñas temáticas e titores de TFG e establecemento do número de traballos a titorizar por cada área de coñecemento.**

A decana informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o grao en Bioquímica que se acompaña como **Anexo 4** á presente acta.

Finalmente a decana indica que se realizará unha petición aos departamentos dun mínimo de profesores titores en función do número de materias e do profesorado vinculado ao grao. Así en xeral, as áreas que imparten máis dunha materia deberán presentar un mínimo de dúas propostas de TFG e as que imparten unha única materia deberán presentar polo menos unha proposta de TFG.

**5. Aprobación, se procede, da proposta de Normas para o Desenvolvemento das Prácticas Externas.**

A decana indica que a proposta de normativa para as Prácticas Externas do grao en Bioquímica fíxose tomando como referencia o “Regulamento de Prácticas Académicas Externas” da

Universidade de Santiago de Compostela, e as normas para o desenvolvemento de prácticas externas doutras titulacións do centro.

Tras unha revisión da mesma os asistentes aprobaron por asentimento as Normas para o Desenvolvemento das Prácticas Externas (**Anexo 5**).

**6. Revisión ponderacións ABAU.**

A decana informa de que como consecuencia da modificación das modalidades e materias que integran o Bacharelato, é preciso actualizar a táboa de ponderación das materias da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais do sistema universitario de Galicia. A continuación amosou a proposta de ponderación facilitada pola USC, consensuada entre todos os distritos e que segue criterios comúns para toda España, para a súa análise. Tras unha revisión da mesma os asistentes non consideraron preciso realizar alegacións. A decana informou de que proximamente estas táboas de ponderación se someterán á consideración da vindeira Xunta de Centro para decidir se finalmente é preciso realizar algunha alegación.

**7. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 11/10/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica unha vez recibido o informe previo de envío a verificación da SXU.
4. Solicitude de equivalencia de títulos estranxeiros para acceso a máster ou doutoramento.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 horas do día 11 de outubro de 2023 reúnense na Salón de Graos os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	VC
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudiantado	P
Nair Alonso Martínez	Representante do estudiantado	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A presidenta indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto, María de Izaskun Iburguren Ariceta e María del Carmen Bouza Fernández que solicitaron a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia

por estes medios; e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado.

Informa que desculpan asistencia a esta reunión Miguel Blanco Álvarez e Eva Alonso López. A continuación a presidenta pasa a tratar os puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 21/07/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica unha vez recibido o informe previo de envío a verificación da SXU.**

A decana comeza a súa intervención lembrando que a Comisión Académica do Título, na súa reunión celebrada o 22 de novembro de 2022, a Comisión de Calidade do Centro, na súa reunión do 25 de novembro de 2022 e a Xunta de Facultade na súa reunión do 25 de novembro de 2022 acordaron propoñer a declaración de intencións co obxecto da modificación da memoria do Grao en Bioquímica para adaptala ao Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022.

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa reunión do 26 de xaneiro de 2023, aprobou a viabilidade da modificación do Grao proposta desde a Facultade de Ciencias.

O 30 de xuño deste ano a Universidade de Santiago de Compostela solicitou o informe preceptivo de envío a verificación da modificación do Grao en Bioquímica á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

En resposta á citada solicitude, a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu un Informe Favorable de envío a verificación da modificación do Grao en Bioquímica, para o curso 2024/2025, con carácter condicionado ao mantemento da mención de Bioquímica

Agroalimentaria.

Tras esta resposta realizáronse varias reunións coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización e á súa vez, a Vicerreitora reuniuse coa Secretaría Xeral de Universidades, quedando claro tras as citadas reunións, que non había outra posibilidade que manter a mención en Bioquímica Agroalimentaria.

Por este motivo tivéronse que realizar algúns axustes no plan de estudos. As principais modificacións realizadas son as seguintes:

Modificación das mencións existentes no Grao: Mención en Bioquímica Agroalimentaria e Mención en Bioquímica Aplicada, ao non cumprir co mínimo de créditos establecido no RD 822/2021 fixado no 20% da carga de créditos total do título, o que supón 48 créditos.

Dado o elevado número de créditos que implica cada unha das mencións, optouse por manter a Mención en Bioquímica Agroalimentaria, máis integrada nas liñas de especialización do Campus Terra, e eliminar a mención en Bioquímica Aplicada.

Para cumprir co requisito do mínimo de 48 créditos a cursar para a mención, reducíronse os créditos obrigatorios a cursar desde 150 a 126, trasladando 4 materias obrigatorias a optativas (Análise Xenómica e Bioinformática, Bioloxía Molecular das Plantas, Bioquímica Clínica e Nutrición), das cales se incorporaron á mención 2 delas (Bioloxía Molecular das Plantas e Nutrición); ao mesmo tempo incrementáronse os créditos optativos a cursar desde 12 a 36. Ademais, para completar os 48 créditos, incorporouse á mención o TFG que consta de 12 créditos e que será necesario que se realice en temáticas vinculadas á Mención.

Elimináronse 6 materias optativas (Bioquímica da Actividade Física e do Avellentamento, Manexo Básico de Roedores e Lagomorfos en Experimentación, Microbioloxía Industrial, Nutrición Humana Avanzada, Toxicoloxía Alimentaria e Interacción e Recoñecemento en Biomoléculas) das cales 3 corresponden á Mención en Bioquímica Agroalimentaria (Nutrición Humana Avanzada, Toxicoloxía Alimentaria e Microbioloxía Industrial). Incorporáronse 2 novas materias optativas (Enxeñería de Bioproses e Biorreactores) co obxecto de reforzar a oferta da Mención.

Para levar a cabo todo este proceso foi necesario modificar o curso e semestre de impartición dalgunha das materias optativas ofertadas.

Ao mesmo tempo realizáronse outras modificacións na memoria relacionadas co cronograma de implantación, resultados do aprendizaxe, etc.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións no que os asistentes á reunión solicitan diversas aclaracións e opínase sobre diferentes aspectos relacionados cos cambios realizados no

plan de estudos, para finalmente aprobar por asentimento o proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica, que se incorporará na correspondente acta da Xunta de Facultade.

#### **4. Solicitude de equivalencia de títulos estranxeiros para acceso a máster ou doutoramento.**

A decana informa acerca da solicitude de equivalencia de título dunha alumna que se licenciou en Bioquímica na Universidade da República en Uruguai coa finalidade de poder ter acceso á matrícula nun máster.

Despois da análise da documentación achegada pola solicitante sobre os contidos e os créditos superados na licenciatura en Bioquímica e seguindo o recollido no artigo 18 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro e na normativa da USC, propónse aprobar a equivalencia.

A proposta é aprobada por asentimento.

A continuación a presidenta propón delegar este tipo de actuacións no equipo decanal.

A proposta é aprobada por asentimento.

#### **5. Rogos e preguntas.**

Neste punto ábrese unha quenda de intervencións.

En primeiro lugar intervéen María Pilar Vázquez Tato para sinalar que nunha das anteriores reunións da comisión de título ela comentara que como só eran dous os profesores na área de Química Orgánica no campus de Lugo, só ofertaban unha proposta de TFG, non dúas; por iso pregunta se no futuro poderían ofertar un TFG en lugar de dous.

A presidenta respóndelle que en función da experiencia de cada ano iríanse adaptando as propostas.

A continuación María de la Merced Novo Rodríguez pregunta sobre os números de propostas de asignación directa e de designación dos TFG.

Ramiro Barcia Vieitez respóndelle indicando que son 20 as propostas de asignación directa recibidas e 17 as propostas adxudicadas por designación.

María Carmen Bouza Fernández fai un comentario acerca da oportunidade de ofrecer ao estudantado instrucións para subir as propostas de TFG á secretaría virtual, e tamén sobre a elaboración do cronograma. Concepción Gay indica que xa estaba previsto remitir-lles un correo nos vindeiros días con instrucións precisas para facelo.

Finalmente, Nair Alonso Martínez pregunta se se pode presentar unha renuncia a unha proposta e presentar outra proposta en febreiro; e tamén propón que nas próximas propostas de TFG por

designación indíquese claramente se se trata dunha revisión bibliográfica ou dun traballo experimental.

A presidenta da comisión responde afirmativamente á posibilidade de renunciar a unha designación e está de acordo en que as propostas de TFG indiquen claramente a que tipo corresponden.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez



**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 13/11/2023**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 horas do día 13 de novembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Enrique Manuel Cabaleiro Lago	Presidente	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P
Nair Alonso Martínez	Representante do estudantado	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de

Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión María de Izaskun Ibarguren Ariceta e María Carmen Bouza Fernández.

A continuación o presidente comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 11/10/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

O presidente comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de títos.**

O presidente informa de que hai 37 estudantes matriculados no TFG no momento actual no curso 2023-24, dos cales 33 presentaron a súa proposta nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as seguintes propostas de TFG:**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Título do TFG</b>
Abraira Castro, Icia	Validación dun dispositivo 'point of care' para a medición de calcio en granxa
Ángel Reimúndez, Cecilia	Utilidade clínica de biomarcadores de fibrosis en pacientes con enfermidade pulmonar intersticial difusa: estudio EPID-F
Bellas Muíño, Laura	Purificación e caracterización dunha isoforma da subunidade catalítica da proteína quinasa dependente de AMPc específica de espermatozoides de mexillón <i>Mytilus galloprovincialis</i>
Bermúdez Fornos, Icia	Deseño dun método baseado na técnica molecular LAMP para a detección de <i>Klebsiella pneumoniae</i>
Castro Castillo, Sofia Isabel	Detección e cuantificación de ADN mediante intercaladores
Costas Lemat, Aroa	Estudo de asociación supramolecular en biomoléculas.
Cuiñas Arias, Roberto	Avaliación da firma bacteriana en mostras de ADN fecal como ferramenta complementaria para a detección temperá do cáncer colorrectal
Doval Exposito, Anne	Desenvolvemento dun método rápido para <i>Salmonella</i> spp. en mostras de alimentos
Estévez Barcia, Rebeca	Análise da especificidade na inhibición da actividade ribonucleasa H do virus da inmunodeficiencia humana
Fariñas Varela, Jacobo	Base Xenética da resistencia a perkinsosis en ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes phillipinarum</i> )
Galán Saiz, Andrea	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O4, O6, O18 e O75
Gallego Arias, Pablo	Seguridade alimentaria: monitorización integrada de antibiorresistencias (RAM)
Iglesias Gardón, Andrea	Desenvolvemento de sistemas de liberación a base de polímeros biocompatibles e a súa avaliación sobre a cicatrización de feridas
León Nava, Daniel	Aplicación da bioloxía molecular para o desenvolvemento de tartamentos alternativos ao uso de antibióticos.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Título do TFG</b>
López Greco, Álvaro	Estudo de resonancia magnética nuclear da interacción dun dipéptido cunha membrana celular modelo
López Rodríguez, Carmen	Estudo da detoxificación en contornos acuáticos para a eliminación de neoSaxitoxina, mediante o emprego de nanopartículas magnéticas.
Martínez López, Paula	Caracterización molecular de Escherichia coli bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O1 e O2.
Martínez Rey, Noa	Desenvolvemento de nanoplataformas para a reprogramación de macrófagos no microambiente tumoral mamario
Míguez Fernández, Daniel	Estudo de microscopía óptica e microscopía electrónica de transmisión da interacción dun dipéptido cunha membrana celular modelo.
Miras Viña, Carlos Daniel	Posta a punto de marcadores de ADN microsatélite para a análise da diversidade xenética na especie Daphne gnidium en poboacións costeiras atlánticas de Galicia.
Muyo Sanz, Carla	Caracterización lonxitudinal da composición da membrana das células sanguíneas do gando bovino
Nolasco Cortiñas, Jorge	Posta a punto e validación dun método de valoración de inosina por HPLC
Pena Hermida, Estela	Caracterización molecular de Escherichia coli bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O8, O9 e O101.
Peña Oya, Damian	Ensaio de xenotrasplante en peixe cebra como modelo de estudo de tumores primarios de glioblastoma
Rego Díaz, Darío	Mecanismos moleculares implicados na enfermidade de Alzheimer
Rial Santos, David	Estudo da implicación das ciclofilinas na inflamación
Rivas Lopez, Xoana	Estudo neuroquímico do desenvolvemento prenatal dos subsistemas olfativos do coello.
Rodríguez Padrón, María	Estudo dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de micronutrientes
Rodríguez Rodríguez, Uxía	Uso de células neuronais humanas para o estudo de compostos naturais
Sanmartín Vázquez, Eva	Neuroquímica da comunicación sensorial en cánidos: análise do sistema olfativo e vomeronasal en etapas perinatais
Santomé Latas, Sheila	Aplicacións da espectrometría de masas de alta resolución na caracterización de oligonucleótidos sintéticos
Vázquez Castiñeira, Alex	Caracterización neuroquímica e de expresión de glicoconxugados nos sistemas olfativo e vomeronasal do gato
Vázquez Liz, Natalia	Estudio dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de macronutrientes

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores de TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA

Nº	ESTUDANTE	TÍTULO TFG GBQ	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Abraira Castro, Icia	Validación dun dispositivo 'point of care' para a medición de calcio en granxa	Mª de la Merced Novo Rodríguez	755	50%	Marta Inés Miranda Castañón	079	50%			
2	Ángel Reimúndez, Cecilia	Utilidade clínica de biomarcadores de fibrosis en pacientes con enfermidade pulmonar intersticial difusa: estudo EPID-F	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Federico Mallo Ferrer	G1061	50%			
3	Bellas Muño, Laura	Purificación e caracterización dunha isoforma da subunidade catalítica da proteína quinasa dependente de AMPc específica de espermatocitos de mexillón <i>Mytilus galloprovincialis</i>	Jose Antonio Villamarin Cid	060	50%	Mª de Izaskun Ibarburen Aricela	060	50%			
4	Bermúdez Fornos, Icia	Deseño dun método baseado na técnica molecular LAMP para a detección de <i>Klebsiella pneumoniae</i>	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Alejandro Garrido Maestu	G1061	50%			
5	Castro Castillo, Sofia Isabel	Detección e cuantificación de ADN mediante intercaldores	Mª de la Merced Novo Rodríguez	755	100%						
6	Costas Lemat, Aroa	Estudo de asociación supramolecular en biomoléculas.	Wajih AL-Soufi	755	100%						
7	Cuiñas Arias, Roberto	Avaliación da firma bacteriana en mostras de ADN fecal como ferramenta complementaria para a detección temperá do cancro colorrectal	Pablo Cabezas Sainz	410	50%	Joaquín Cubiella Fernández	G1061	25%	Cristina Regueira Expósito	G1061	25%
8	Doval Exposito, Anne	Desenvolvemento dun método rápido para <i>Salmonella</i> spp. en mostras de alimentos	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Alejandro Garrido Maestu	G1061	50%			
9	Estévez Barcia, Rebeca	Análise da especificidade na inhibición da actividade ribonucleasa H do virus da inmunodeficiencia humana	Miguel Blanco Álvarez	630	50%	Luis Menéndez Arias	G1061	50%			
10	Fariñas Varela, Jacobo	Base Xenética da resistencia a perkinsosis en ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> )	Paulino Martínez Portela	420	50%	Inés Martínez Sarbade	420	50%			
11	Galañ Saiz, Andrea	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O4, O6, O18 e O75	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Miguel Blanco Álvarez	630	50%			
12	Gallego Arias, Pablo	Seguridade alimentaria: monitorización integrada de antibiorresistencia (RAM)	Azucena del C. Mora Gutiérrez	630	50%	Vanesa García Menéndez	630	50%			
13	Iglesias Gardón, Andrea	Desenvolvemento de sistemas de liberación a base de polímeros biocompatibles e a súa avaliación sobre a cicatrización de feridas	Asteria Mª Luzardo Álvarez	310	100%						
14	León Nava, Daniel	Aplicación da bioloxía molecular para o desenvolvemento de tratamentos alternativos ao uso de antibióticos.	Miguel Blanco Álvarez	630	50%	Jesús E. Blanco Álvarez	630	50%			
15	López Greco, Álvaro	Estudo de resonancia magnética nuclear da interacción dun dipéptido cunha membrana celular modelo	Aida Jover Ramos	755	100%						
16	López Rodríguez, Carmen	Estudo da detoxificación en coriños acuáticos para a eliminación de neosaxitoxina, mediante o emprego de nanopartículas magnéticas.	Ana Mª Bolana López	750	50%	Alejandro Cao Cancelas	315	50%			
17	Martínez López, Paula	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O1 e O2.	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Miguel Blanco Álvarez	630	50%			
18	Martínez Rey, Noa	Desenvolvemento de nanoplateformas para a reprogramación de macrófagos no microambiente tumoral mamario	José Blanco Méndez	310	100%						
19	Míguez Fernández, Daniel	Estudo de microscopía óptica e microscopía electrónica de transmisión da interacción dun dipéptido cunha membrana celular modelo.	Aida Jover Ramos	755	100%						
20	Miras Viña, Carlos Daniel	Posta a punto de marcadores de ADN microsatélite para a análise da diversidade xenética na especie <i>Daphne gnidium</i> en poboacións costeiras atlánticas de Galicia.	Mª Belén Gómez Pardo	420	50%	Mª Carmen Bouza Fernández	420	50%			
21	Muyo Sanz, Carla	Caracterización lonxitudinal da composición da membrana das células sanguíneas do gando bovino	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	25%	Javier Amezaga Mariezcurrena	G1061	25%
22	Nolasco Cortiñas, Jorge	Posta a punto e validación dun método de valoración de inosina por HPLC	Mª de Izaskun Ibarburen Aricela	060	50%	Jose Antonio Villamarin Cid	060	50%			
23	Pena Hermida, Estela	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O8, O9 e O101.	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Jesús E. Blanco Álvarez	630	50%			
24	Peña Oya, Damian	Ensaio de xenotrasplante en peixe cebrado como modelo de estudo de tumores primarios de glioblastoma	Pablo Cabezas Sainz	410	100%						
25	Rego Díaz, Darío	Mecanismos moleculares implicados na enfermidade de Alzheimer	Mª del Carmen Vale González	315	50%	Sandra Raposo García	315	50%			
26	Rial Santos, David	Estudo da implicación das ciclofilinas na inflamación	María Mercedes Camiña García	410	50%	Rebeca Alvario Romero	410	50%			
27	Rivas Lopez, Xoana	Estudo neuroquímico do desenvolvemento prenatal dos subsistemas olfactivos do coello.	Pablo Sánchez Quinteiro	025	50%	Irene Ortiz Leal	G1061	50%			
28	Rodríguez Padrón, María	Estudo dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de micronutrientes	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
29	Rodríguez Rodríguez, Uxia	Uso de células neuronais humanas para o estudo de compostos naturais	Mª del Carmen Vale González	315	50%	Sandra Raposo García	315	50%			
30	Sanmartín Vázquez, Eva	Neuroquímica da comunicación sensorial en cáncidos: análise do sistema olfativo e vomeronasal en etapas perinatais	Pablo Sánchez Quinteiro	025	50%	Irene Ortiz Leal	G1061	50%			
31	Santomé Labas, Sheila	Aplicacións da espectrometría de masas de alta resolución na caracterización de oligonucleótidos sintéticos	Natalia Vilarinho del Río	315	50%	Óscar Cascón Salgado	G1061	50%			
32	Vázquez Castiñeira, Alex	Caracterización neuroquímica e de expresión de gliconxugados nos sistemas olfativo e vomeronasal do gabo	Pablo Sánchez Quinteiro	025	50%	Irene Ortiz Leal	G1061	50%			
33	Vázquez Liz, Natalia	Estudo dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de macronutrientes	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			

O presidente informa de que se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G1061) e se publicará no taboleiro electrónico as propostas aceptadas.

Neste momento intervén María de la Merced Novo Rodríguez para preguntar sobre a posibilidade de incluír con posterioridade a algún cotitor nalgún dos TFG propostos.

Concepción Gay González respóndelle que se tería que propoñer unha modificación da proposta segundo o indicado no Procedemento de asignación de titores e presentación de propostas.

#### 4. Rogos e preguntas.

Neste punto ábrese unha quenda de intervencións.

En primeiro lugar interveñen Valeria Fernanda Esteban Galvis e Nair Alonso Martínez para sinalar que nunha das materias do 4º curso do grao algúns dos contidos solápanse cos vistos noutras materias de cursos anteriores.

Ramiro Barcia Vieitez respóndelles que habería que ver se eses contidos se axustan ou non á guía docente aprobada da materia e ver se se pode evitar esa repetición.

A continuación María de la Merced Novo Rodríguez pregunta sobre a posibilidade de asegurar que os estudantes que fagan un TFG nun grupo de investigación poidan realizar as prácticas curriculares no mesmo grupo.

Concepción Gay González respóndelle que na normativa actual non está contemplado, e que habería que estudar detidamente a posibilidade de realizar unha modificación que permitise solucionar ese problema.

Sen máis temas que tratar o presidente da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Enrique Manuel Cabaleiro Lago

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Acta da Comisión de Título Reunión Ordinaria: 29/11/2023

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2023-24.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 horas do día 29 de novembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

### Relación de asistentes

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Ibarguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Eva Alonso López	Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial	VC

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A decana indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López e Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade que asiste en calidade de invitado, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión Miguel Blanco Álvarez e Valeria Fernanda Esteban Galvis.

A continuación a decana comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 13/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2023-24.**

A decana indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do Grao en Bioquímica para o vindeiro curso 2023-24, da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación informou das prazas dispoñibles e dalgunhas que aínda estaban pendentes dalgún trámite e tamén se asignaron os titores académicos da USC.

A decana indicou que tanto a convocatoria como as listas provisional e definitiva de asignación de destinos se publicarán no taboleiro electrónico da USC, pero ademais esta mesma información, e moita outra de interese para alumnado e titores, estará dispoñible na intranet da Facultade en <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias> facendo clic en “Información académica”, ”Grao en Bioquímica”, ”Prácticas”.

A continuación abriuse un debate entre os asistentes para comentar os posibles cambios nas Normas para o desenvolvemento de prácticas externas para o próximo curso, para que os alumnos que van realizar o seu TFG nos grupos de investigación da USC, teñan preferencia á hora de elixir eses grupos como destino para as prácticas académicas.

Finalmente os asistentes acordaron por asentimento aprobar a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do Grao en Bioquímica para o curso 2023-24 a cal se acompaña como **Anexo 1** á presente acta, e tamén acordaron por asentimento autorizar á decana a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e, delegar na decana a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión. Adicionalmente tamén acordaron por unanimidade para o caso de que se produza empate na asignación de prazas ao

alumnado, que este se dirima tendo en conta o criterio indicado na Resolución do 13 de febreiro de 2012 da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a publicidade do acordo da comisión de seguimento do protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, segundo a cal en primeiro lugar terá preferencia o alumnado que teña no seu expediente académico un maior número de matrículas de honra, de persistir o empate terase en conta a continuación o maior nº de sobresaíntes e así sucesivamente co resto de cualificacións.

**4. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez



**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 11/01/2024**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:45 horas do día 11 de xaneiro de 2024 reúnen na Aula 2 da 2ª planta da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P

P – presencial VC-videoconferencia Microsoft Teams

A decana indica que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión Eva Alonso López, Nair Alonso Martínez, Miguel Blanco Álvarez, Mª Carmen Bouza Fernández e Valeria Fernanda Esteban Galvis.

A continuación a decana comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 29/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

## **2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

## **3. Oferta de prazas curso 2024-25.**

O día 18 de decembro de 2023 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2024-2025 nas titulacións de grao.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comuniquen as propostas de oferta de prazas para as titulacións de grao das que son responsables ata as 14:00 horas do 31 de xaneiro de 2024.

As propostas serán informadas pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa e aprobadas polo Consello de Goberno, para posteriormente enviar a proposta da USC á Secretaría Xeral de Universidades nos prazos previstos.

A presidenta propón a mesma oferta de prazas que para o curso actual: 45 ordinarias, 5 cota de traslados nacionais e 3 de cota para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros.

Acórdase por asentimento manter a oferta de prazas proposta.

## **4. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén a profesora Novo para facer dúas preguntas. En primeiro lugar gustaríalle ter información sobre as materias optativas que non teñen estudantes, para poder adaptar o calendario á realidade.

A decana responde a esta cuestión sinalando que ata o día 14 de febreiro pode haber cambios na matrícula e por tanto non se pode saber exactamente o número de estudantes en cada materia ata despois desa data.

A segunda pregunta da profesora Novo é para saber se hai información sobre os cambios propostos no plan de estudos modificado.

A esta cuestión respóndeselle que ata o momento non hai ningunha información adicional.

Sen máis temas que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 05/02/2024**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2024-25.
4. Revisión ponderacións ABAU.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 horas do día 5 de febreiro de 2024 reúnense na Sala de Reunións da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A decana indica que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión Nair Alonso Martínez, María Mercedes Camiña García, María de Izaskun Ibarguren Ariceta e María de la Merced Novo Rodríguez.

A continuación a decana comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 11/01/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. PDA curso 2024-25.**

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2024-25 da titulación de Grao en Bioquímica co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

Antes de enviar aos departamentos o PDA do curso 2024-25 procedeuse a corrixir múltiples erratas tanto na distribución de horas docentes como na planificación dos grupos de docencia interactiva de laboratorio e de seminario, presentes no documento orixinal enviado polo SXOPRA; unha vez realizadas as correccións oportunas pola responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centro e Departamentos, o PDA foi enviado aos departamentos implicados na docencia do grao para que o revisasen e propuxesen as modificacións que considerasen oportunas.

A continuación a decana pasa a resumir as propostas de modificación do PDA 2024-25:

- Solicitudes de creación de grupos adicionais de PDA: precísase en todas as materias de 1º e 2º curso 1 grupo adicional de docencia interactiva de laboratorio, xa que a estimación do número de estudantes feita pola Vicerreitoría é inferior á observada no curso actual. Os problemas de espazo nos laboratorios e a necesidade de organizar horarios axustados á realidade fai preciso contar en total con 3 grupos de docencia deste tipo.
- Modificación de distribución de horas de docencia para a materia G1062103 Matemáticas que segundo a memoria modificada e adscrición inicial aprobada tería a seguinte distribución:

	<b>H. Expos.</b>	<b>H.Inter. Lab.</b>	<b>H. Inter.Sem.</b>	<b>H. Tit.</b>
<b>G1062103 Matemáticas</b>	<b>36</b>	<b>0</b>	<b>12</b>	<b>3</b>
595 Matemática Aplicada	36	0	12	3

---

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA**

---

Nesta mesma materia tamén existe un erro na planificación dos grupos que terían que pasar de 0 a Expos-1, IntLab-0, IntSem-2 e Titor-5, segundo o número de estudantes previstos.

- Modificación de distribución de horas de docencia para a materia G1062104 Diversidade Biolóxica que segundo a memoria modificada e adscrición inicial aprobada tería a seguinte distribución:

	<b>H. Expos.</b>	<b>H.Inter. Lab.</b>	<b>H. Inter.Sem.</b>	<b>H. Tit.</b>
<b>G1062104 Diversidade Biolóxica</b>	<b>30</b>	<b>15</b>	<b>3</b>	<b>3</b>
063 Botánica	10	6	1	1
819 Zooloxía	20	9	2	2

Nesta mesma materia tamén existe un erro na planificación dos grupos de seminario que teñen que pasar de 0 a 2 segundo o número de estudantes previstos.

- Modificación de distribución de horas de docencia para a materia G1062227 Fisioloxía Animal I que segundo a memoria modificada e adscrición inicial aprobada tería a seguinte distribución:

	<b>H. Expos.</b>	<b>H.Inter. Lab.</b>	<b>H. Inter.Sem.</b>	<b>H. Tit.</b>
<b>G1062227 Fisioloxía Animal I</b>	<b>33</b>	<b>12</b>	<b>3</b>	<b>3</b>
410 Fisioloxía	33	12	3	3

- Modificación de distribución de horas de docencia para a materia G1062422 Bioquímica e Sociedade que segundo a memoria modificada e adscrición inicial aprobada tería a seguinte distribución:

	<b>H. Expos.</b>	<b>H.Inter. Lab.</b>	<b>H. Inter.Sem.</b>	<b>H. Tit.</b>
<b>G1062422 Bioquímica e Sociedade</b>	<b>33</b>	<b>12</b>	<b>3</b>	<b>3</b>
650 Organización de empresas	26	12	2	2
807 Toxicoloxía	7	0	1	1

- Solicitudes de creación de grupos de centro adicionais de docencia interactiva de laboratorio:
  - Para a materia G1062202 Bioquímica Metabólica: 1 adicional de xeito que teña un total de 4, de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular co fin de lograr unha mellor calidade da docencia.
  - Para a materia G1062324 Análise Instrumental: 2 adicionais de xeito que teña un total de 4, de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Analítica, Nutrición en Bromatoloxía para unha mellor organización da docencia.

- Para a materia G1062447 Análise Xenómica e Bioinformática: 1 adicional de xeito que teña un total de 2, de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física debido ao elevado número de alumnos que estiman cursarán a materia.
- Na materia G1062424 Prácticas Externas e G1062425 Traballo Fin de Grao introduciuse na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2023-24 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión do Título.

#### **4. Revisión ponderacións ABAU.**

Na reunión da comisión de título celebrada o pasado 21 de xullo a decana informou de que como consecuencia da modificación das modalidades e materias que integran o Bacharelato, era preciso actualizar a táboa de ponderación das materias da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais do sistema universitario de Galicia, e amosou, para a súa análise, a proposta de ponderación facilitada pola USC, consensuada entre todos os distritos e que segue criterios comúns para toda España.

Tras unha revisión da mesma os asistentes non consideraron preciso realizar alegacións.

A decana informa que recentemente aprobáronse nos consellos de goberno das tres universidades do SUG os parámetros de ponderación que se aplicarán nas ABAU de 2024; e que a Delegada do Reitor da USC para Asuntos de Ensino Medio e Representante da USC na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), Maite Flores Arias, remitiu unha mensaxe indicando que desde a CIUG considérase moi importante que o estudantado teña coñecementos da táboa de ponderacións antes de se matricular en 2º de Bacharelato, por iso, quérense aprobar proximamente en Consello de Goberno, os parámetros para as ABAU 2025.

No caso de que se considere que debera haber cambios nas ponderacións que corresponden ao grao en Bioquímica, agradeceríase que informásemos canto antes, indicado ditos cambios.

Despois dun curto debate entre os membros da comisión, decídese manter a proposta de ponderación recibida.

#### **5. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións e sen máis temas que tratar a decana da por rematada a

reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez



**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 06/03/2024**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Avaliación previa de traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 horas do día 6 de marzo de 2024 reúnense na Sala de Reunións da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
María de Izaskun Iburguren Ariceta	Coordinadora de Materias Obrigatorias (4.º curso) e de 4.º curso.	P
María de la Merced Novo Rodríguez	Coordinadora de Materias Optativas	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A decana indica que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión Eva Alonso López, Nair Alonso Martínez e Miguel Blanco Álvarez.

A continuación a decana comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 05/02/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Avaliación previa de traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC dos traballos afectados por esta Resolución. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación recibida emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese ao Comité de Bioética da USC o informe previo e a documentación do alumnado para que emita un informe que logo se incorpora como anexo ao traballo.

A decana informa de que a diferenza doutras ocasións nas que isto se realiza para a elaboración dun traballo fin de estudos, neste ocasión esta avaliación previa corresponde ao traballo académico correspondente ás clases prácticas da materia Nutrición Humana Avanzada do Grao en Bioquímica.

Tras examinar a documentación remitida que se corresponde coas solicitudes de todo o estudantado matriculado na materia, os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable.**

**4. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén a profesora Novo para facer dous comentarios. En primeiro lugar, debido a que se está levando a cabo a elaboración dos horarios para o curso 2024-25, quería saber se a materia optativa "Técnicas espectroscópicas e microscópicas de estudo de biomoléculas" ía estar solapada con outras, e indicar que ese solapamento debería evitarse.

A este comentario responde o coordinador do grao, indicando que esa materia non estará solapada

con ningunha outra.

O segundo comentario da profesora Novo é para indicar que lle gustaría ter información sobre o equipamento para prácticas de laboratorio que se recibiu na facultade, en concreto menciona un microscopio de fluorescencia.

A esta cuestión a decana responde que nunha próxima reunión da comisión de título informarase sobre o equipamento recibido e tamén sobre a realización dalgún curso de formación.

Sen máis temas que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título  
Reunión Ordinaria: 20/03/2024**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 horas do día 20 de marzo de 2024 reúnense na Sala de Reunións da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Pilar Vázquez Tato	Coordinadora de Materias Básicas e de 1º curso	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Nair Alonso Martínez	Representante do estudantado	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A decana indica que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión Eva Alonso López, María Carmen Bouza Fernández, Miguel Blanco Álvarez, Valeria Fernanda Esteban Galvis, María de la Merced Novo Rodríguez e María de Izaskun Ibarguren Ariceta.

A continuación a decana comeza cos puntos da orde do día.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 06/03/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que se adquiriu para a facultade un microscopio de fluorescencia e que o día 21 de marzo realizarase unha sesión de información práctica sobre o seu funcionamento.

**3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.**

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación agradeceu ao coordinador do título a súa implicación e dedicación na súa elaboración e organización xa que neste momento con 3 grados e 2 másteres practicamente implantados no curso 2024-25 é unha tarefa moi complexa.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes acordaron por asentimento **aprobar a proposta de horarios para o curso 2024-25 do Grao en Bioquímica** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

**4. Rogos e preguntas.**

Neste punto intervén a profesora Vázquez Tato para comentar que no laboratorio N° 13 as vitrinas apáganse continuamente.

Respóndelle a decana indicándolle que o Servizo Técnico da empresa DEYMAN que depende da Vicerreitoría de Investigación e Innovación está a analizar o problema esta mesma mañá.

Sen máis temas que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

**Acta da Comisión de Título**  
**Reunión Ordinaria: 05/04/2024**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 horas do día 5 de abril de 2024 reúnense na Sala de Reunións da Facultade de Ciencias os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

**Relación de asistentes**

Asteria María Luzardo Álvarez	Decana e Coordinadora de Prácticas Externas	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador de Título e Secretario	P
María Mercedes Camiña García	Coordinadora de Materias Obrigatorias (1º e 2º curso) e de 2º curso	P
Miguel Blanco Álvarez	Coordinador de Materias Obrigatorias (3º curso) e de 3º curso	P
María Carmen Bouza Fernández	Coordinadora do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	P
Valeria Fernanda Esteban Galvis	Representante do estudantado	P
Nair Alonso Martínez	Representante do estudantado	P

P – presencial    VC-videoconferencia Microsoft Teams

A decana indica que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. Tamén informa de que desculpan asistencia a esta reunión María de la Merced Novo Rodríguez e María Pilar Vázquez Tato.

A continuación a decana comeza cos puntos da orde do día.

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/03/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Valeria Fernanda Esteban Galvis sinala que solicitara a desculpa de asistencia á reunión da comisión, pero o seu nome non figura na listaxe de desculpas.

Tras unha explicación por parte da decana apróbase a inclusión de Valeria Fernanda Esteban Galvis na citada listaxe.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

**2. Informes.**

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

**3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.**

A presidenta informa de que hai 37 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2023-24, dos cales 27 xa teñen proposta aprobada en comisións pasadas, 6 presentan solicitude de modificación ou anulación e 4 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Entre as propostas que foron modificadas con respecto ás aprobadas na reunión da comisión celebrada o día 13 de novembro de 2023, nun dos casos trátase dunha nova proposta de TFG despois da anulación da proposta inicialmente aprobada pola comisión, tras a presentación da correspondente xustificación polo cambio solicitado. Mentres que en 2 das que se solicita modificación da proposta, trátase da inclusión dun cotitor e nas outras 3 solicítase unha modificación en título, resumo e mesmo do plan de traballo.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas de TFG:**

**Propostas modificadas:**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Título do TFG</b>
Ángel Reimúndez, Cecilia	Estudio de la regulación del metabolismo del hierro en el hígado, en respuesta a una dieta a base de proteína de origen vegetal.
Castro Castillo, Sofia Isabel	Detección e cuantificación de ADN mediante intercaladores
Costas Lemat, Aroa	Estudo de asociación supramolecular en biomoléculas.
Doval Exposito, Anne	Desenvolvemento dun método baseado en LAMP para a detección de serotipos de Salmonella en mostras de orixe avícola
Miras Viña, Carlos Daniel	Aplicación de marcadores de ADN para a análise da diversidade xenética da especie Daphne gnidium en poboacións costeiras atlánticas de Galicia.
Nolasco Cortiñas, Jorge	Posta a punto e validación dun método de valoración de adenosina e inosina por HPLC

**Novas propostas:**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Título do TFG</b>
Alonso Martínez, Nair	Nutrixenómica, microbiota e cancro: unha revisión sistemática
Díaz Gonzalez, Cristina	Caracterización molecular de Escherichia coli bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O25 e O15
Esteban Galvis, Valeria Fernanda	Films desoxidantes para a rexeneración de feridas. Estudos in vitro
Filiu Ortuño, Andrea	Estudo neuroquímico do sistema vomeronasal do cuadrilla vermello ( <i>Ailurus fulgens</i> )

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**



## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN BIOQUÍMICA

Nº	ESTUDANTE	TÍTULO TFG GBQ	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTTOR	ÁREA	%
1	Abraira Castro, Icia	Validación dun dispositivo 'point of care' para a medición de calcio en granxa	Mª de la Merced Novo Rodríguez	755	50%	María Inés Miranda Castañón	079	50%			
2	Alonso Martínez, Nair	Nutrixenómica, microbiota e cancro: unha revisión sistemática	Pablo Cabezas Sainz	410	100%						
3	Ángel Reimúndez, Cecilia	Estudio de la regulación del metabolismo del hierro en el hígado, en respuesta a una dieta a base de proteína de origen vegetal	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Federico Mallo Ferrer	G1061	50%			
4	Bellas Muño, Laura	Purificación e caracterización dunha isoforma da subunidade catalítica da proteína quinasa dependente de AMPc específica de espermatozoides de mexillón <i>Mytilus galloprovincialis</i>	Jose Antonio Villamarín Cid	060	50%	Mª de Izaskun Ibarguren Ariceta	060	50%			
5	Bermúdez Fornos, Icia	Desarrollo dun método baseado na técnica molecular LAMP para a detección de <i>Klebsiella pneumoniae</i>	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Alejandro Garrido Maestu	G1061	50%			
6	Castro Castillo, Sofia Isabel	Detección e cuantificación de ADN mediante intercaldadores	Mª de la Merced Novo Rodríguez	755	50%	Slella Hernández Faria de Moraes	991	50%			
7	Costas Lemat, Aroa	Estudo de asociación supramolecular en biomoléculas.	Wajih AL-Soufi	755	50%	Diego Cora Calvo	755	50%			
8	Cuiñas Arias, Roberto	Avaliación da firma bacteriana en mostras de ADN fecal como ferramenta complementaria para a detección temperá do cancro colorrectal	Pablo Cabezas Sainz	410	50%	Joaquín Cubiella Fernández	G1061	25%	Cristina Regueira Expósito	G1061	25%
9	Díaz Gonzalez, Cristina	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O25 e O15	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Jesús E. Blanco Álvarez	630	50%			
10	Doval Exposito, Anne	Desenvolvemento dun método baseado en LAMP para a detección de serotipos de <i>Salmonella</i> en mostras de orixe avícola	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Alejandro Garrido Maestu	G1061	50%			
11	Esteban Galvis, Valeria Fernanda	Films desoxidantes para a rexeneración de feridas. Estudos in vitro	Asteria Mª Luzardo Álvarez	310	100%						
12	Estévez Barcia, Rebeca	Análise da especificidade na inhibición da actividade ribonucleasa H do virus da inmunodeficiencia humana	Miguel Blanco Álvarez	630	50%	Luis Menéndez Arias	G1061	50%			
13	Fariñas Varela, Jacobo	Base Xenética da resistencia a perkinsosis en ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> )	Paulino Martínez Portela	420	50%	Inés Martínez Sambade	420	50%			
14	Filiu Ortuño, Andrea	Estudo neuroquímico do sistema vomeronasal do cuadrilla vermello ( <i>Alturus fulgens</i> )	Pablo Sánchez Quinteiro	025	100%						
15	Galán Saiz, Andrea	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O4, O6, O18 e O75	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Miguel Blanco Álvarez	630	50%			
16	Gallego Arias, Pablo	Seguridade alimentaria: monitorización integrada de antibiorresistencia (RAM)	Azuena del C. Mora Gutiérrez	630	50%	Vanesa García Menéndez	630	50%			
17	Iglesias Gardón, Andrea	Desenvolvemento de sistemas de liberación a base de polímeros biocompatibles e a súa avaliación sobre a cicatrización de feridas	Asteria Mª Luzardo Álvarez	310	100%						
18	León Nava, Daniel	Aplicación da bioloxía molecular para o desenvolvemento de tratamentos alternativos ao uso de antibióticos.	Miguel Blanco Álvarez	630	50%	Jesús E. Blanco Álvarez	630	50%			
19	López Greco, Álvaro	Estudo de resonancia magnética nuclear da interacción dun dipéptido cunha membrana celular modelo	Aida Jover Ramos	755	100%						
20	López Rodríguez, Carmen	Estudo da detoxificación en contornos acuáticos para a eliminación de neoSaxitoxina, mediante o emprego de nanopartículas magnéticas.	Ana Mª Bolana López	750	50%	Alejandro Cao Cancelas	315	50%			
21	Martínez López, Paula	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O1 e O2.	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Miguel Blanco Álvarez	630	50%			
22	Martínez Rey, Noa	Desenvolvemento de nanoplataformas para a reprogramación de macrófagos no microambiente tumoral mamario	José Blanco Méndez	310	100%						
23	Míguez Fernández, Daniel	Estudo de microscopía óptica e microscopía electrónica de transmisión da interacción dun dipéptido cunha membrana celular modelo.	Aida Jover Ramos	755	100%						
24	Miras Viña, Carlos Daniel	Aplicación de marcadores de ADN para a análise da diversidade xenética da especie <i>Daphne gnidium</i> en poboacións costeiras atlánticas de Galicia.	Mª Belén Gómez Pardo	420	50%	Mª Carmen Bouza Fernández	420	50%			
25	Muyo Sanz, Carla	Caracterización lonxitudinal da composición da membrana das células sanguíneas do gando bovino	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	25%	Javier Amezaga Mariezcurrena	G1061	25%
26	Nolasco Cortiñas, Jorge	Posta a punto e validación dun método de valoración de adenosina e inosina por HPLC	Mª de Izaskun Ibarguren Ariceta	060	50%	Jose Antonio Villamarín Cid	060	50%			
27	Pena Hermida, Estela	Caracterización molecular de <i>Escherichia coli</i> bacteriémicos pertencentes aos serogrupos O6, O9 e O101.	Saskia Camille Flament Simon	060	50%	Jesús E. Blanco Álvarez	630	50%			
28	Pena Oya, Damian	Ensaio de xenotransplante en peixe cebrado como modelo de estudo de tumores primarios de glioblastoma	Pablo Cabezas Sainz	410	100%						
29	Rego Díaz, Darío	Mecanismos moleculares implicados na enfermidade de Alzheimer	Mª del Carmen Vale González	315	50%	Sandra Raposo García	315	50%			
30	Rial Santos, David	Estudo da implicación das ciclofilinas na inflamación	María Mercedes Camiña García	410	50%	Rebeca Alvario Romero	410	50%			
31	Rivas Lopez, Xoana	Estudo neuroquímico do desenvolvemento prenatal dos subsistemas olfactivos do coello.	Pablo Sánchez Quinteiro	025	50%	Irene Ortiz Leal	G1061	50%			
32	Rodríguez Padrón, María	Estudo dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de micronutrientes	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
33	Rodríguez Rodríguez, Uxía	Uso de células neuronais humanas para o estudo de compostos naturais	Mª del Carmen Vale González	315	50%	Sandra Raposo García	315	50%			
34	Sanmartín Vázquez, Eva	Neuroquímica da comunicación sensorial en cándidos: análise do sistema olfativo e vomeronasal en etapas perinatais	Pablo Sánchez Quinteiro	025	50%	Irene Ortiz Leal	G1061	50%			
35	Sanbmé Labas, Sheila	Aplicacións da espectrometría de masas de alta resolución na caracterización de oligonucleótidos sintéticos	Natalia Vilarinho del Rio	315	50%	Oscar Cascón Salgado	G1061	50%			
36	Vázquez Castiñeira, Alex	Caracterización neuroquímica e de expresión de glicocoxugados nos sistemas olfativo e vomeronasal do gato	Pablo Sánchez Quinteiro	025	50%	Irene Ortiz Leal	G1061	50%			
37	Vázquez Liz, Natalia	Estudo dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de macronutrientes	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			

**4. Avaliación previa de TFGs no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.**

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese o informe e a documentación do alumnado para que o Comité de Bioética da USC emita un informe que logo se incorpora como anexo ao TFG.

Recibíronse un total de 2 solicitudes que se corresponden cos seguintes TFGs:

Nome e Apelidos	Título do TFG
María Rodríguez Padrón	Estudio dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de micronutrientes.
Natalia Vázquez Liz	Estudio dos polimorfismos xenéticos implicados no balance de macronutrientes.

Tras analizar a documentación remitida polo alumnado os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable.**

**5. Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións e sen máis temas que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez